




# ESPECIAL 40 edicións do Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil

ANO XXIX nº 51



# XAN AMIL CASTRO

## autor da capa desta revista




Xan Amil, o creador da ilustración da capa desta revista, que está a berrar por todo o mundo "CANTAMOS AS CORENTA", é un dos pregoiros de Xermolos dende os seus comezos, e sempre a través da arte. Os seus trazos e cores seguen espallando a creación de todas e todos dende fai corenta anos. Neste tempo forxáronse uns vencellos entre Xan e o noso colectivo que endexamais se poden rachar. El mesmo asinou aquela consigna a toda cor: "Tod@s somos Xermolos".

Esta andadura en común reflectiuse na súa autoría de cartaces do festival de Pardiñas, así nos anos 1984, 1989 e 2007, naqueles anos esa

ilustración era a mesma que abría a publicación da colleita de poemas e contos do Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, do que nesta revista estamos a celebrar os seus 40 anos.

Sabemos que a forza emotiva que transmiten estes traballos artísticos de Xan, débese á súa identificación coas teimas de Xermolos. Acertamos si suliñamos que a súa linguaxe pictórica transmite a emoción da rapazada que cada ano nos agasalla coas súas artes, porque a creación de Xan multiplícase na cerámica, coma podemos desfrutar nas pezas que mostramos na Casa das Palabras de Guitiriz.



# 40 ANOS DE CERTAME. DENDE PARDIÑAS ATA AS MÁIS ALTAS COTAS DAS ARTES

SON SÓ UNHA MOSTRA DE MILLEIROS DE CREADORAS E CREADORES QUE PARTICIPARON NESTE CERTAME, UNHA HOMENAXE A TODAS E TODOS ELES.

NON ESTÁN TODOS NIN TODAS. Só queremos visualizar en varias edicións o talento e a creatividade que inza entre nós.

## **XA ESTAMOS PREPARANDO UNHA SEGUNDA ENTREGA, PORQUE ESTA EXPLOSIÓN DE BELEZA NON ESMORECE. XA PODEDES ACHEGARNOS INICIATIVAS**

Foi o 3 de agosto do 1980 cando a Asociación Cultural Xermolos inaugurou un dos seus proxectos máis cobizosos: o Festival de Pardiñas, coa finalidade de achegar a música e as outras artes ao pobo, en contacto cos creadores. Nesta primeira edición déronse cita Saribas, María Manuela, Xoán Rubia, Xosé Ramón Eiriz e os grupos de Gaitas e Danzas Agarimo de Ferrol. Así no 2019 celebramos a 40 edición despois dunhas décadas nas que afondamos na nosa música e na doutros pobos.

A esta primeira experiencia seguíronlle novas convocatorias, nas que, ano a ano, se tentou incorporar novidades para darlle calidade ó Festival de música tradicional con máis edicións ininterrompidas no seu haber. Polo escenario de Pardiñas pasaron grupos sobranceiros do panorama musical galego e internacional, así como gaiteras e gaiteiros de recoñecido prestixio.

O Festival de Pardiñas vense caracterizando polo seu carácter familiar, aberto e participativo. Un dos nosos obxectivos é recuperar as raíces

populares das festas da nosa terra. Sentímonos chamados a facer festa con tod@s, a premer a nosa cachola e o noso xenio... Moito máis importante que asistir a un espectáculo, é pór en xogo a creatividade e a capacidade de ledicia e busca de beleza d@s festivaleir@s.

No marco do Festival de Pardiñas ten lugar a Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, que vai para a 26 edición, sendo no seu momento a primeira mostra destas características, e que nos permite disfrutar do bo facer dunha trintena de artesáns, que a través da súa paixón, dedicación e coñecemento contribúen notoriamente a manter viva a nosa música a través do tempo.

A primeira fin de semana de agosto, no Balneario de Pardiñas, podemos comunicarnos as creadoras e creadores, coas voces da cultura e da arte da nosa terra, coas nenas e nenos que escriben e debuxan e os grupos de música e teatro, para compor xunt@s unha nova cantiga nesta gran festa.

*COSTOU MOITO FACER ESTA SELECCIÓN PORQUE SOMOS CONSCIENTES DE QUE ESQUECEMOS MOITAS E MOITOS PARTICIPANTES NESTES ANOS, PERO ESTA MOSTRA É UNHA HOMENAXE A TODAS E TODOS. PROMETEMOS FACER OUTRA ENTREGA COS E COAS CREADORAS QUE NOS PROPOÑADES, PEDÍMOSVOS DENDE AQUÍ A VOSA COLABORACIÓN*

## XA CANDO CUMPRIMOS OS 30 ANOS DIXEMOS:

### I.-LIMIAR

Imos dedicar estas primeiras letras, a celebrar os 30 anos deste certame. Principiou sendo un concurso escolar, entre os centros do concello, pero axiña foi alongando as súas dimensións a todo o país, con epicentro na nosa comarca, a Terra Chá. Son miles as nenas e nenos e tamén mozas e mozos, que foron agasallados con este recoñecemento no Festival de Pardiñas, de moitos colexios de Galicia.

Algunhas e algúns principiaban así, unha aventura literaria, que ía abrollar en froitos granados: máis premios literarios, libros moi fermosos, artigos de opinión nos medios de cada día... Pero non só na literatura, tamén noutras artes. Cada ano, o certame é unha sementeira e unha seitura abundosa, que se converte nunha rede creativa que acada a colexios e escritoras e escritores, que xa formamos unha familia. Moit@s participan dende a súa escolarización infantil, ata rematar a ESO, e mesmo en Bac, coma un acontecemento, marcado con caracteres de festa no seu calendario particular.

Froito desta comunicación, cada edición máis intensa, decidiuse ir publicando, unha colleita máis ampla de poemas e contos, de participantes agasallados en debuxo ou fotografía e videocreación, por exemplo, ou os contos, doutros premiados en poesía, porque a experiencia, orientounos a arrequentar esta faciana do Certame Terra Chá, ofrecendo este caderno literario, coma unha canle de expresión, para aquelas e aqueles que queren compartir o seu xenio creador. Esta publicación é moito máis cunha relación de traballos premiados, é un medio para afondar no festival, e mergullarnos, nos mares literarios ou nos paseos sonoros do noso país.

O Certame é testemuña do nacemento e crecemento de verdadeiras vocacións de creadores, que hoxe xa ocupan un lugar senlleiro no universo das nosas artes.

Aínda que temos unhas regras, unhas bases, esta vaga creativa, obríganos a rebordalas, abríndonos, cada edición, a outros xeitos de creación: teatro, cómic, murais, vídeos, etc. Xermolos o asume, e @s concursantes o aceptan de bo grado. E temos que multiplicar o número de seleccionados, ante a inxente participación, cada ano. Emocionounos, que no 2009, solicitasen con tesón, a súa participación, alumnos dun centro do Bierzo. É un xeito de festexar estes 30 anos. **ASOCIACIÓN XERMOLOS**

### II.- OUTRO LIMAR:

Nesta edición, a tarefa do xurado non foi nada doada. Moitos traballos e bos, nun tempo no que hai seca na escrita e na comunicación das artes. A primeira sensación é a certeza de que nestes anos, varias e varios rapaces que participaron, xa deron mostras de ser escritores e artistas en ciernes..., con madeira de creadores. Xa levamos varios festivais, publicando varios poemas e contos do mesmo premiado, para compartir con máis forza, esta impresión. Este certame non é unha competición, a ver quen quedou primeiro, senón, unha ofrenda



estética de varias rapazas e rapaces, que están demostrando, ano tras ano, a súa capacidade de comunicar a súa arte, as súas emocións, o seu sentido da vida....

### III.- NO CERTAME DO 2010 escribimos:

#### Escritores dunha peza, sen sombras...

Os que artellamos este certame, xa coñecemos a súa cualidade literaria e artística, para arrequecer a cultura que estamos a facer. Así escollemos un monllo de composicións dedicadas ó vento, un dos temas preferidos da escrita da Terra Chá: Manuel María, Chao Rego, Iglesia Alvariño... Antoxóusenos, que os seus autores, quizais empurrados polos Mestres, conectan cun dos filóns da escrita da nosa comarca. Mesmo van recibir, no palco do Festival de Pardiñas, o último libro sobre o vento: *O outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*, das mans do seu propio autor, Xosé Otero Canto, Premio

do último certame dos premios literarios de Vilalba, que se entregan polo San Ramón. Unha obra dedicada ó coordinador da Asociación Xermolos, Alfonso Blanco. Van ser os primeiros saídos do forno, para escenificar un dos prodixios do Festival de Pardiñas, ese facho aceso, que xeración tras xeración, se van entregando, como unha luzada artística que non esmorece, no ceo aberto da Chaira, dende aqueles primeiros festivais, alumeados pola alba de Díaz Castro, Manuel María, Anisia Miranda... Case todas as e os actores destas páxinas traspasadas polo vento chairego, son alumnas e alumnos do Mato Vizoso de Vilalba.

O vento, o camiño, as festas....

(Asociación Cultural Xermolos (Caderno de Literatura, ano 2010)

## 1. UN CERTAME LIGADO AO FESTIVAL DE PARDIÑAS, UNHA EXPERIENCIA CREATIVA QUE SE CONTAXIA A CACHÓN SEN DIFERENCIA DE IDADES

### UNHA CREACIÓN QUE SE TRANSMITE DE XERACIÓN A XERACIÓN NO MUNDO DO ENSINO

## YAGO RODRÍGUEZ YAÑEZ

Principiamos por este mestre e escritor que naceu no mesmo ano co Festival de Pardiñas, e bebeu das súas augas xeradoras de vida convertendo a súa andadura nunha fervenza literaria e artística. Porén enmarcamos este texto co cartaz do último Festival, o do 2018, obra da súa irmá Margarita, unha constante nesta achega literaria: a vontade compartida de mergullarse neste mar creativo que é Pardiñas.





Na foto anterior, Yago Rodríguez Yáñez, na sede da Real Academia Galega, co fondo dun retrato da Pardo Bazan, no día que presentou a súa obra dedicada a esta escritora, editada por Xermolos.

Yago é profesor na actualidade do IES Muralha Romana de Lugo, pero antes estivo no Monte Caxado de As Pontes, sempre contaxiando do espírito creativo ao alumnado, mesmo convidándoos a escribir e a partillar as súas artes.

Yago pasaba días coa súa familia en Pardiñas durante os veráns. Nacera no mesmo ano ca o propio festival (Lugo, 8-12-1980). Xogaba nas pradeiras do balneario ou corría na bici mentres se montaban as actuacións do festival, e os sons daquelas carballeiras acompañaríanos sempre, dende que en Pardiñas fixera longos percorridos lendo libros co seu pai, e así ata partillar estas querencias artísticas con emoción no seu labor coma ensinante, e froito desta empatía é o entusiasmo e a frescura coa que alumnos seus suben todos os anos a recibir os premios do Certame Terra Chá. E el mesmo é un dos creadores que ven entregando o facho aceso desta celebración ás novas xeracións.

O escritor Yago Rodríguez Yáñez, doutor europeo en filoloxía inglesa cunha tese sobre John Keats, é un dos nosos investigadores máis egrexio, traballando na British Library e na Senate House Library (Londres), simultaneando co ensino.

No 2007 acada o premio de poesía no V Certame Lucus Augusti, no ano no que publica *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita* (2007), *A Voz e o Silencio. Bibliografía e estudo en torno a Darío Xohán Cabana* (2007), xunto co seu amigo Luís Calvo. Darío un dos grandes autores da Terra Chá que tamén pregoou o Festival coa súa voz rexa e sensorial.

Xermolos tivo a fortuna de publicarlle investigacións decisivas para a nosa literatura coma Emilia Pardo Bazán e a poesía romántica. Estudo, selección e edición da súa produción lírica (2010), na que avanzaba o achado de versos en galego da Pardo Bazán, e *A peito descuberto: Análise e edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño* (2012), un autor moi ligado a Xermolos... Son moitos os seus ensaios publicados, mesmo en varios idiomas: galego, inglés, francés, castelán... Con varios libros estudou a Rosalía de Castro, Helena Villar (*Helena Villar Janeiro na escola. A visión comprometida dunha escritora multifacética* (2006), a poesía romántica inglesa...

No eido da creación temos que remarcar o poemario *Déixame ancorar...* (2011)

Os seus libros, e tamén os que coordinou co alumnado, estiveron e están presentes na feira do libro que facemos cada festival e tamén coma agasallo no Certame Terra Chá.



---

# CARMELA FRANCO E MIGUEL LEDO

---



Esta identificación de Yago coa enerxía creativa de Pardiñas tamén a herdaron alumnas e alumnos seus, así Carmela Franco Caaveiro e Miguel Ledo Roca coma imos ver nestes contos que eles mandaron a este certame en varias edicións, pero antes temos que felicitalos pola publicación deste libro 'Alá onde nos leve o vento', animados polo que fora o seu ensinante Yago Rodríguez Yáñez, nos tempos da ESO en As Pontes. É un poemario que escribiu Carmela con ilustracións de Miguel (Editorial Toxosoutos) Carmela estuda Filoloxía Galega e Miguel Belas Artes.

Pero deixemos que nolo expliquen eles, tal como o contaron á xornalista de El Progreso, Cristina Arias, o 9 de setembro do 2018:

***"O fío condutor é lago Rodríguez, foi o noso mestre a partir de 3º da Eso en Monte Caxado. Xuntábanos para facer traballos e mandaba poemas e debuxos nosos en segredo a premios. Grazas a el gañamos en Pardiñas e foi o que nos propuxo a idea do libro"*** (El Progreso, 9 de setembro do 2018).

Nos textos seguintes Carmela e Miguel enchóupannos de nostalgia e resoancias das súas vidas, tanto na escrita coma nuns debuxos moi evocadores. Coma descubrimos na datación dos contos, estudaron no mesmo curso, labrando a cotío unha forte amizade. As ilustracións



do seu libro fannos lembrar os debuxos presentados por Miguel a este Certame, e premiados, cando cursaba 2º ciclo da ESO. (2014).

Os temas son diversos como é a natureza, tal coma reflicte o creador da capa do libro, e coma nos din os autores na conversa citada: "Hai varias temáticas, poemas sociais e de amor sobre todo, e cremos que vale para tódolos públicos", e a presenza de creadores é plural, así Manuel María, o gran valedor de Pardiñas, ou xa na plástica, dende os clásicos ata as correntes máis actuais da pintura.



## O PECADO DO SEÑOR CORNELIUS

"Hai moito tempo, no noso pobo existiu un castelo normal e corrente, que pertenceu ao lexítimo dono da terra de As Pontes, o señor García Rodríguez. Cen anos despois, o castelo pasou a pertencer ao último sucesor da familia Rodríguez. Chamábase Cornelius e era adicto ao xogo. Tamén lle gustaba beber. Co paso do tempo acabou coa fortuna e a dignidade da súa familia perdéndoo todo por culpa da súa adición. Un día chegou á vila un mozo de aspecto nobre que dicía ser propietario de grandes feudos nas terras de Castela, que tiña por finalidade chegar a Santiago a adorar ao noso señor o Apóstolo.

O señor Cornelius acolleuno no seu castelo e esa mesma noite, tras comer e beber abundantemente, decidiron empezar a xogar aos dados. A medida que avanzaba a noite, as apostas fixéronse cada vez máis fortes ata chegar ao punto no que Cornelius, cegado pola súa paixón polo xogo e polo viño, apostou a única propiedade que lle quedaba: o seu castelo. Como ocorrera durante toda a noite, perdeuno.

Nun momento de ira, ao darse conta do que perdera, colleu a súa espada e cun único golpe cortoulle a cabeza ao mozo que lle ganara as súas pertenzas. Mandoulle ao seu servo que se desfixera do cadáver.

Cando o seu servo foi soterralo non atopou a cabeza por ningures. Pensando que a perdera, enterrou o corpo e non lle dixo nada da cabeza misteriosamente desaparecida ao seu señor, Cornelius.

Pasaron os anos e o señor Cornelius, xa maior, esqueceuse por completo do tremendo crime que cometera.

Unha mañá, o crego da vila chegoulle cunha nova preocupante; na parte superior da porta do cemiterio aparecera gravada unha inscrición en castelán e nun oco da pedra atopábase un cranio. O servo, que anos atrás enterrara o corpo do mozo, pensou que aquela podería ser a cabeza perdida e morto de medo confesoulle ao señor que o mozo que el asasinara estaba enterrado sen a súa cabeza.

Entón Cornelius ordenoulle que se desfixera do seu cranio acusador tirándoo ao río Eume, e o servo así o fixo.

Ao día seguinte, o cranio seguía a estar no furado da pedra. Cantas veces intentou o señor desfacerse do cranio que lle pesaba na conciencia como outras tantas veces volvera a aparecer no seu sitio.

Preso do medo e do arrepentimento, Cornelius, incapaz de soportalo por mais tempo, tirouse dende o alto da torre do castelo. Ao mesmo tempo que ía caendo, o castelo derruíase pedra a pedra.

Os habitantes da vila coñeceron a historia completa por boca do servo que lle axudara ao señor a desfacerse do corpo do mozo. Decidiron esquecer aquela desgraciada historia e durante xeracións non se volveu falar deste tema.

Pasaron os anos e a xente utilizou os anacos de pedra do castelo para construír as súas casas dando orixe á vila das Pontes, tal e como se coñece hoxe.

Ao lado da igrexa da vila, na entrada do cemiterio todavía hoxe se pode ler a mensaxe do cranio:

“Como te ves, me ví.  
Como me ves, te verás.  
Ten esto en la memoria  
y no te condenarás”

A xente da vila lémbrese que ata ven entrados os anos setenta do século XX todavía podía ver no seu furado o cranio daquel mozo asasinado polo noso bo señor Cornelius de García Rodríguez.

Aínda, nas noites de lúa chea pódese escoitar ao carón da Ponte dos Ferros os laios da alma condenada de Cornelius”.

Miguel Ledo Roca 35 certame, 1º ciclo de ESO. Monte Caxado, As Pontes- 2013 REVISTA XERMOLOS, nº 42.

A creación destes dous mozos é múltiple, e así os dous colaboran no guión do vídeo “O túnel” feito cando eran alumnos do IES Moncho Valcarce de As Pontes. Pero foi no 2018 cando dan o salto á edición do libro *ALÁ ONDE NOS LEVA O VENTO*, na editorial Toxosoutos.





## No comezo do meu ser

por Carmela Franco Caaveiro

“Realmente cheguei ó mar, mais non conseguín afincar na terra ata pasados ben os dez anos da miña estadía impune. Ondeaba sobre as ondas do vento da cidade, espida, sen chegar a comprender que era o meu nome o culpable da miña noxenta existencia. Non era máis que o froito das mentiras da prestixiosa estirpe dos Alcázar, alagado apelido entre as celas dunha cidade aborrecida de cartos. Filla primoxénita dun home sen rostro, dunha muller sen sangue no corazón, neta dos cartos e da ousadía da irrealidade. En reducidas palabras, tan só un pequeno accidente encargado á besta dos infernos. Criada tan só co propósito de chegar a ser a herdeira dunha fortuna conseguida a base de balazos e sangue doutros que non tiñan a sorte de se alucinar deuses. Cheguei á Coruña sen ter cumpridos os dous anos, mais a miña primeira estadía non durou apenas cinco, cando comprenderon que eu sería a dona da súa ruína, enviáronme ao único lugar onde conseguirían facerme de novo. Marchei soa, tampouco é que a compañía da miña familia me fose facer sentir menos perdida. Marchei cara un país de descoñecida lingua, que máis tarde íase converter no meu verdadeiro fogar, aínda que o destino non desexou que fose o derradeiro. Enviáronme a unha escola feminina en Inglaterra, onde aprendín a manexar os números e onde tentaron converterme nunha escrava do tempo, nunha asasina dos vivos, mais tamén dos mortos. Tentaron converterme noutra máis, nunha filla da neve que controlaría unha cidade, aliada co gobernante de quenda, tentaron converterme en xeo, mais no inferno, pouco dura a intelixencia dos días fríos. Eu, comezo na Britania, pois non habería ser de min persoa ata coñecer os ilimitados campos do saber da lingua, desas letras coas que hoxe podo escribirvos; de ter elixido os números non existiría tan sequera o voso sangue. Comezo nunha rúa, agora inexistente, ou cando menos, derruída. Afastada da superposición da raza e dos apelidos mais temidos. Comezo, non si, coma todos, co afán protagonista do amor, co vello relato de Romeu e Xulieta, mais esta vez sen fala, sen comprendermos, sen ourto idioma a falar-mos que o agarimo. Comezo nunha Inglaterra absurdamente caracterizada pola presenza de cabaleiros

e damas perseguidos pola carencia de nome, nunha Inglaterra en branco e negro. Comezo, xaora, á cabeza da última tendencia, na bohemia francesa do Moulin Rouge, arrastrada polos ventos da luxuria ata os inicios da cidade de Londres. Comezo, a pesar da riqueza da miña familia, na miseria, a tentas de liscar da escola feminina e descubrir os prexuízos e liberacións da realidade. Hoxe, fallame a memoria, pero se mal non recordo, conseguín escapar do cárcere que mostraba a aparencia de instituto feminino, o 9 de Xullo do ano da entrada de século. Daquel día só recordo a noite, tenebrosa e enchoupada de bágoas, sen outro afán que facer o niño para a miña fuga. Arrecollida no seo da cidade, tentaba trazar o debuxo dos pequenos edificios da rúa, sen outra compañía que o vento e a lonxana música dun violinista que inducía ao sono a mans dunha obra de descoñecido nome. Tiña vinte anos. E a pesar de coñecer os labores oficiais dunha señorita, e manexar con mestría os números, mais ser confidente das letras, non me consideraba máis ca unha ignorante incapaz de recoñecer o verdadeiro rostro da inxustiza. Lembro que non tardei en recoñecer o meu primeiro fogar, de tantos que co tempo acabaron por se denominaren tan só hostais de recollida. Foi él. Si. Lémbroo perfectamente. Os seus ollos verdes, penetrantes entre a néboa do mercado, os seus beizos perdidos nunha lingua estranxeira; mais realmente tan só recordo as súas mans, acariñando suavemente as miñas meixelas impregnadas de bágoas. Recordo ben o rubor que se compuxo fugazmente no meu rostro ó susurrarme extrañamente ó oído, á vez que me ofrecía, cal cabaleiro a súa man para poder erguerme do chan. Tal vez non poida recordar a rúa na que afinquei durante varias semanas, nin a cor do ceo naqueles días, mais se algo podo afirmar sen necesidade de dubidar da súa veracidade é que foi él o meu primeiro fogar. Tardei en comprendelo, se cadra, non fixera falla. Foron os bicos e as apertas a linguaxe que ambos entendiamos. Recorrín o resto de Londres en pouco mais de dez anos, vagando, na súa compañía o resto dos barrios bohémios da cidade, hospedándonos no descoñecemento e na inesistencia doutra forma de ser carente de risco. Mais non tardou en chegar o inverno, e o medo compuxo as últimas melodías do que había de ser a sinfonía da miña vida. Foron tempos desacou-

gantes, da incerteza, do si e do non a unha guerra próxima entre mundos. Foi moito tempo de espera, mais chegou. A guerra recollida no seo da perversidade do mundo deu comezo, e con ela, a súa marcha. Él, marchou. E non souben del ata o seu regreso, en cinzas, no que hoxe o recollo, logo de terse feito invisible. Vaguei soa, na compañía tan só de mulleres coma min, perdidas na inmensidade da terra, afundidas na inexperiencia. Mais eu tamén marchei. Ou, depende do narrador, regresei. Volvín á España que deixara afincada nos anos en que a miña ignorancia facíame partícipe dos estragos do medo. Volvín á Galicia na que habitaba o meu escuro capital, mais del non quedaba mais que o recordo. Regresei dous anos mais tarde do falecemento da miña nai, mais eu non sentía pena, non recoñecía naquel cemiterio as bágoas que podería chorar coa súa perda; non coñecía nada. Cohabitaba con estraños. Lembro, non si, a cidade inglesa que imaxinaba cada noite, lémbroo a él, desapareido na miña memoria, percorrendo cada segundo do meu ser. Lembro todo aquilo que non foi, por non selo. Lémbroo porque estaba soa, habitando tan só cos cartos que non desexaba, nunha casa que tan só podía detestar por todo aquilo que na miseria comezara a recoñecer como maldade. Casei. Cun mi-

litar a quen tan só lle coñecía o nome, ou mais ben, o apelido. Casei, por non quedar soa. Mais, se ben sabedes, a miña única estadía da lembranza foi a última melodía con aquel home que aínda amence nos meus soños. Aquel home do que vos non coñecedes nada agás o meu ilexítimo desexo. Se habería ser de min persoa, sería él o dono dos bicos, se ben xa o é dos soños. Casei cun militar que hoxe non chora a miña lembranza, cun militar partícipe da miña morte. Morrín nel, convosco nos brazos, alentando outra fuga no recordo. Morrín por él, sen vós, pois nunca fostes culpables do meu desterro. Casei. Mais non me arrepinto, hoxe teño a quen escribirlle o meu alento. Teño a quen posúa no seu sangue o que algún día foi meu. Mais hoxe tan só recordo o meu comezo, o que tan só vos relato. O meu final non me corresponde, xa non pertence ó suco da miña historia. O meu final é voso, e corresponde á barbarie doutro comezo. Doutro comezo no mar, no que tan só habedes de lembrar que aquel home, culpable da miña existencia, era o músico violinista co que adormecín a noite da miña fuga, e co que hoxe amenzo entre os soños, tentando tan só, volverme invisible”.

Carmen Franco Caaveiro. 4º ESO Monte Caxado-As Pontes. 2015 XXXVI Certame

## MARÍA CANOSA BLANCO

Neste arranque principiamos con estas referencias ao Festival de Pardiñas dunha das escritoras e xornalistas máis sobranceiras do país, María Canosa Blanco (Cee 1978). Dende moi nena mandounos poemas e contos dende o Colexio de Cee, igual ca unha irmá súa. E a maxia do festival encandilou á familia, o seu pai achegou esculturas a exposicións e a súa nai participou na presentación de libros de literatura infantil en Xermolos.

Recollemos do seu labor coma xornalista este programa no que tamén colabora Jorge Mira, un gran divulgador científico:

Programa da TVG: “Coma un allo” (08-12-2017) Presenta Bernardo Montaña, Jorge Mira e María Canosa



### A que comarca pertence Guitiriz?

- A Ulloa
- B Meira
- C Terra Chá
- D Chantada

### Cal é a sobremesa máis famosa?

- A Requeixo con mel
- B Torta de millo
- C Castañas con leite
- D Milfollas

## En que ano empezou o Festival de Pardiñas?

- A 1985
- B 1989
- C 1991
- D 1980



**María Canosa:** ... É un festival que me encanta, é dos máis lonxevos de Galicia e leva celebrándose de forma ininterrumpida dende hai 37 anos. Está centrado na música tradicional galega. O seu fundador e alma máter foi o cura Alfonso Blanco, que foi de Ponteceso moi novo para Guitiriz, a quen lle mando un bico dende aquí. E foi o que impulsou facer un festival sobre a música tradicional, tamén a Asociación Cultural Xermolos, que acaba de recibir o premio Facer País, moi ben merecido. Exa que estamos con Guitiriz, un bico á familia Grande Lage, que nos ven sempre e que ademais apoian á Asociación Cultural Xermolos e ó Festival de Pardiñas dende toda a vida.

**Jorge Mira:** "Pois o cura este de Pardiñas, polo que vexo aquí, tiña un carácter bohemio. Mesmo chegou a vivir nunha comuna hippie de Bruselas. Así me gusta! Quero mandarlle un saúdo moi afectuoso a toda esa nova xeración de curas que están nutrindo as parroquias de Galicia. Hai un gran déficit de curas! Aproveito tamén para enviarlle un saúdo a Don Francisco, o noso cura de Baio. Ó novo Don Francisco, porque tiñamos un cura maior, que tamén temos aínda. En Baio temos dúas iglesias e tamén dous curas. Fixádevos que nivel!".

## POEMAS E RELATOS DE MARIA CANOSA NO CERTAME TERRA CHA:

### A lúa!

Fermosa lúa  
que estás no alto do ceo,  
se quedamos sen ti  
estaría todo mais feo.  
Lúa amarela, sempre relucente,  
esperando alí arriba  
para alumear á xente.  
Á xente que vai polos camiños,  
que corre pola penumbra  
fai lle compañía, miña lúa.  
A lúa é boa,  
non ten maldición,  
cando enfeitiza á xente  
faino de bo corazón.  
Fermosa lúa,  
que estás no alto do ceo  
mirando pola grande  
xanela da noite,  
¿Qué ves?  
- dime lúa-  
¿Qué pensas?  
- respóndeme.

María Canosa Blanco, 5º de E.P., Colexio de Cee, (Caderno X festival 89).

Ao ano seguinte (1990) leva o 1º premio en narrativa con:

### O baúl do avó

En chegando ó faiado o primeiro que se nos ocorreu a Alberte e a min, foi mirar no baúl das lembranzas do avó. Non abría.

A carón del atopamos un bastón co puño de marfil e a vara de madeira torneada, unha garabata cun nó moi ben feito, pero raro, un puro dentro dunha caixiña de metal moi feituquiña, unha luva que tiña por debuxos raias e máis raias, dereitas e tortas. Por último dous peixes gordos con moitas cores, desecados.

Fomos correndo cabo do avó.



Pedímoslle (case de xeonllos) que nos narrase as súas historias de mozo, as do baúl e as demais cousas que había onda el.

O avó accedeu e comezou así:

- Cando eu tiña a vosa idade subín ó desván e atopei un baúl. Tiña moitas ganas de abri-lo e intenteino.

Non podía.

Meu avó chamoume pa cear. Baixei e non comentei nada. Sería un segredo.

Cada día subía ó faiado e intentaba abri-lo; cada día con máis ganas e cada día con máis forza, pero aínda así non encontraba a forma de facelo.

Pasado un tempo pareceume que se abría un pouco, pero dese pouco non pasou.

Unha noite atopeime mal e despertei; vía unha luz branca, moi branca, buscaba a luz por tódalas partes, non sabía de onde xurdía e cada vez esa luz foise facendo máis acesa, ata que para non vela metinme debaixo da cama, e foi cando descubrín de onde procedía a luz; do baúl, que non sei como chegara, pero estaba debaixo da miña cama.

- Ese baúl é para ti. É a túa herdanza.

Nós aplaudimos e marchamos para a cama, que xa era hora.

Despertei á unha e media. Chamei a Alberte e cando acordou comezou a xurdir unha luz cada vez máis acesa.

Fomos correndo a mirar baixo da cama e alí estaba o baúl.

A porta do cuarto empezou a abrirse. Alí estaba o avó. Sorría. Camiñamos cara a el para abrazalo. Mentres el nos decía:

“Aí o tedes. É voso”.

O baúl abriase só. Pois si. O que gardaba era un segredo, que enterraba unha fermosa historia.

Quen sabe, quizais dentro de sabe Deus cando, o baúl volverá a facer unha nova viaxe que encherá de ledicia máis corazóns de nenos.

María Canosa Blanco, 6º, Cee. 1º premio, XI festival 1990.

Xa no 1992, María foi agasallada en poesía e narrativa:

### “O arlequín”

Pelo crecho  
tez pálida  
escuros ollos  
pensamentos de prata.

Ós meus ollos  
parecíalle o mesmo,  
tan semellante,  
garimoso e segredo.

Lembrábasme tanto  
aquele amigo pequeno,  
sensible, amoroso,  
fermoso e sereno.

Cando pola noite  
calado escoitabas,  
os meus pesares  
convertíalos en palabras.

Palabras pesadas  
palabras grosas  
palabras que el  
cambiaba por rosas.

Pelo crecho  
tez pálida  
escuros ollos  
pensamentos de prata.

Xa cando estabas preto  
non puideren soportar  
acaba-la miña historia  
que eu che quixen narrar.

Agora xa sabes  
a quen te pareceis ti;  
os dous ledos e sabios,  
el era o meu arlequín.

María Canosa Blanco, C. Superior- Cee (XIII festival 1992)

Coma imos ver nesta relación é unha das escritoras máis recoñecida da literatura infantil e xuvenil con estes premios:

- Concurso de Contos da Agrupación Cultural O Facho no 1986 e 1992.
- Certame Literario Terra Chá da Asociación Cultural Xermolos no 1989 a 1992.
- Certame de Contos en Galego da ONCE no 1992.
- Certame Francisco Fernández del Riego no 1993.
- RÚA NOVA (Narracións Xuvenís) (mención especial) no 1993 e 1995
- Premio Arume de Poesía para nenos (Fundación Neira Vilas) no 2009
- Premio Pura e Dora Vázquez (Deputación de Ourense) no 2010
- XV Premio de poesía Avelina Valladares (Concello da Estrada) 2011 por *Ronca o mar*.
- Mención no VII Premio Arume de Poesía (2013) por *O libro dos medos que non o son*.
- Terceiro premio do IV Certame de poesía Manuel María de 2016, por *A desmemoria*.
- Premio Merlín 2017 por *Muriel*.

Despois de estudar en Cee titulase como Enxeñeira de Camións, Canais e Portos pola Universidade da Coruña, traballando como Directora de Proxectos no Centro de Coñecemento da Costa da Morte. Ao tempo no que traballa coma guionista en distintos programas da TVG. Así con Jorge Mira é experta do concurso Coma Un Allo, coma foi en Cifras e letras e Verbas van, e tertuliana en programas da Radio Galega, Radio Voz...



A súa obra é moi ampla pero compre salentar a LITERATURA INFANTIL E XU-

VENIL: *Bramido maino* (1997), *A pedra de seixo* (1997), *Á espreita na penumbra* (1999), *Leo era un león* (2002) *San Xoán* (2006), *Leite con cacao* (2007), *Entre papoulas*, (2009), *Faíscas* (2009), *Matías, un pito de campionato* (2010), *O papaventos de Laura* (2011) Premio Pura e Dora Vázquez, *O Crebanoces*, (2011), Pablo Zaera. *A tartaruga de Martiño* (2011), *Acuario* (2012), *Xiana, a nena pirata* (2012), *Viaxes de inverno* (2013), *Acuario 2*, (2014), *Ana xa chegou!* (2014), *Druídas*, 2014). *Papá, que son os sorrisos?*, (2014). *Pasen e miren*, (2014), *Vagalume de versos* (2014). *Rubicundo*, 2015, *Parar o Mundo*, 2015. *O día que choveu do revés*, 2016, *O libro dos medos*, 2016, *O neno inverno*, (2016) *O que nunca che contaron*, 2017, *A cazadora de estrelas*, 2017, *Muriel*, 2017, *Caderno de lúas*, (2018), *O ladrón de voces*, (2019),



E noutro eido, o da poesía: *Ronca o mar*, 2011.

En Narrativa; *Faíscas*, (2009), *DisParo*, (2016), *Non é París*, (2016), *Cando cae a luz*, (2016),

Algunhas destas obras foron adaptadas ao teatro.

María Canosa tamén ten unha obra importante en Ensaio: *Do A ao Z con Neira Vilas*, 2010, E tamén en colaboración con Jorge Mira: *A que altura está o ceo?*-

E ducias de Obras colectivas...

## 2. UNHA MOSTRA ARTÍSTICA PARTILLADA POR TODA A FAMILIA

### MENSAXES RECIBIDAS NA XXXIV EDICIÓN

Xa na XXXIV edición, o certame recibiu unha carga de agarimo e enerxía moi emotiva, por unha banda, unha carta de Lupe Gómez de Curtis e por outra a achega de Anxo Quindimil García de Xanceda. Os dous inciden na transcendencia deste Certame para toda a familia que se sente arrequecida pola busca da beleza da súa rapazada. Neste eido do festival tamén abrolla un dos seus distintivos:

PARDIÑAS, UN FESTIVAL PARA TODA A FAMILIA.

As achegas deste certame non se agochan no interior de cadaquén, partíllanse con toda a parentela e amigos.

### LIMIAR DA REVISTA (2013)

a) “Outro ano as máis novas e novos pedimos espazo e tempo en Pardiñas, non só esa fin de semana, todo o ano, porque o espírito de Pardiñas proxectase meses e anos. Grazas por acolernos na vosa amizade. Aquí estamos os que rematamos 2º de BAC, no les Poeta Díaz Castro, algunha e algún viñemos guindando palabras e trazos dende preescolar a este Certame Terra Chá. Xa é a nosa achega creativa á festa na que

atopamos a todas e todos os compañeiros dende fai anos, mesmo acampando nesta paraxe máxica”. Unha das que asina estas emocións é Minerva Varela Saa que intervén máis adiante nesta andadura.

b) Escollemos dos centos de traballos recibidos, esta emoción de **ANXO QUINDIMIL** de Xanceda, porque reflicte ás claras como a ledicia de Pardiñas é contaxiosa, e a creatividade do neno é capaz de rachar coa frialdade dos pais ante a esixencia do fillo de contar as súas inquedanzas, e remata toda a familia nunha festa como as merendas do Festival, celebrando o premio de Anxo.

### O NENO E O CONTO DE PARDIÑAS

“Había unha vez un neno que quería ir ó concurso de Pardiñas. Os seus pais non lle deixaban, así que pasou a noite escribindo un conto. Ao día seguinte díxolle ó seu tío que o levará, presentou o conto. Pero aquel día non puido ir recoller o premio porque tiña que ir a unha excursión e púxose a chorar, pero ao curso seguinte, cando ía a 4º de primaria, a súa mestra recolleralle o premio e deullo ao neno. Cando a súa mestra llo deu, o neno púxose moi contento, ensinoullo a seus pais e puxéronse moi contentos, e celebraron unha festa coa comida que traía a cesta”.

Anxo Quindimil García 2ºciclo de E.P. Xanceda


## LUPE GÓMEZ ARTO

Mais vai ser unha carta de **Lupe Gómez Arto** (Fisteus de Curtis, 1972), a que máis nos sorprenda. Lembra a súa participación no III Certame, alá polo 1983, anos despois. Foi un milagre. Coñecíamos a Lupe polos seus libros, pero ata daquela non a recoñecíamos coma participante do CERTAME do concurso de Pardiñas. Buscamos e volvemos a ler o seu poe-



ma... ¡Que forza expresiva a daqueles versos! Presentara este poema dende o Colexio de Curtis, despois faría bacharelato en A Coruña e

Xornalismo en Santiago, exercendo un intenso labor coma xornalista en distintos medios, sen esquecer o seu compromiso coma animadora cultural en colectivos de base. Sempre celebrou a súa crianza e paisaxe natal así en *Fisteus era un mundo* (2001), denunciando a desaparición do noso mundo rural e da nosa cultura.



A poesía de Lupe rachou moldes na nosa literatura dando pulo á presenza da muller no mundo das artes, mesmo sendo traducida ao portugués a obra: *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999). Xa antes coñeceramos o volume 10 de Poeta en Compostela, *Pornografía* (1995)...

e moitos outros poemarios: *Poesía fea* (2000), *Querida Uxía* (2002), *Levantar as tetas* (2004), *Luz e Lupe* (2005), no mesmo ano publica o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, *Azul e estranxeira e O útero dos cabalos* Premio Xohan Carballeira. Xa no 2006 aparece *Quero bailar*, e Lupe Gomez segue dando a coñecer máis obras; *Dialogos imposibles*, *Pornografía*, unha nova edición, dez anos despois... A grafía dos mapas, *Diario dun bar*...



O xoves 21 de xuño, ás 20:00 horas, na Librería Couceiro (Praza de Cervantes, 6) de Santiago de Compostela, preséntase a reedición de *Pornografía*, de Lupe Gómez, publicada en Positivas. No acto, xunto á autora, participan Arturo Casas, Francisco Macías e os músicos Xabier Díaz e Guillermo Fernández.



«**Camuflaxe**» recibeu o Premio da Crítica Española 2017 en lingua galega, “de las voces más singulares y de extensa trayectoria en la poesía gallega contemporánea”, segundo a Asociación Galega da Crítica.

Compostela - Barrio da Ilusión - Limpaa... por Lupe Gómez

19- xullo- 2013

Querido amigo-cura de Xermolos, Guitiriz: Fai xa tempo que tiña ganas de escribirche, dirixirme a ti. Compartir contigo cousas, ilusións, sombras que están moi vivas na memoria do mundo, do meu mundo que tamén é “noso”, de todos nós... Hoxe, camiñando pola tarde en Compostela, pedinlle o teu enderezo a Antón Pedreira, e despois ao teu amigo Mero..., e aquí estou, dentro do traxe dunha carta que vai voar a Xermolos, Guitiriz, Lugo... para contarche que gañei o meu primeiro PREMIO LITERARIO cun poema escrito aos meus 11 anos... desde entón pasaron 30 anos. Aquel poema, escrito coas vacas na “CHOUSA DE ABAIXO”, titulábase “ESPÉRAME, AVÓ”. Acababa de morrer o meu “padriño” Antonio Arto Díaz. ¡Eu sentíame tan chea de sombras, dor profunda, sensibilidade enorme! ¡O meu avó morto era o meu mellor amigo naquela aldea pequeniña! Él para min era como un HORIZONTE DE TENRURA, INTELIXENCIA, VOO DE AVES...

Voar de avións, tamén. A morte era, e segue sendo, unha viaxe de herba, amor, poesía, teatro, emoción, relixión... Aquel primeiro poema (primeira pedra do camiño...) aínda resoa fortemente, poderosamente en min, como se fose o eco infantil do meu +corazón, da miña vida, da miña morte. Morrín moitas veces, e perdín a esperanza, como se perdese a elegancia fráxil do meu traxe, pero aquí estou, dentro desta Carta, na intemperie calada do noso país, na música prohibida dos AFECTOS. Teño 41 anos. No armario da ROUPA, en Fisteus, gardo, moi ben gardadiña, a revista de “XERMOLOS” na que se publicou O MEU PRIMEIRO POEMA.

Recordo moi ben que miña nai Celestina foi comigo a Guitiriz, ao Festival de Pardiñas a RECOLLER AQUEL PREMIO... ¡Era algo tan importante para nós! ¡Estábamos tan ilusionadas! Foi unha viaxe

tan longa, un día tan bonito, tan feminino, tan COMPARTIDO entre NAI E FILLA, cómplices dun mundo que desaparecía, e segue desaparecendo.... Meu pai Ramón morreu no ano 1995. Era o home máis bó, máis fiel, máis íntegro dese íntimo mundo de porcelana, bágoas, luz e terra. Miña nai morreu o 20 de xaneiro deste ano 2013.

Recitei no seu ENTERRO, na igrexiña do meu lugar, sentíndome ARROUPADÍSIMA pola miña xente, polas árbores.... Ese día nevou unha neve moi bonita, moi limpa, moi cálida, sobre FISTEUS... miña nai tiña 81 anos.

Estaba moi mal, moi afectada polo parkinson, co corpo paralizado, coa mente algo perdida... No mes de decembro estaba xa moribunda, e miñas irmás levárona de noite a unha clínica médica a Guitiriz.... Eu quedei na casa, chorando, facendo IOGA (encántame o IOGA....). Miñas irmás contáronme que miña nai foi todo o camiño falando de min, **LEBRANDO AQUEL PREMIO LITERARIO DE “XERMOLOS”, AQUELA VIAXE INESQUENCIBLE...**

Na morte, na desaparición atroz dos nosos SERES MÁIS QUERIDOS, facémonos FORTES.... Amancio Prada di que “SE CANTA LO QUE SE PIERDE”. Sigo recitando en Fisteus, cando escampa, cando sae o sol... Escribo moito, moitísimo...

Escribín dous novos LIBROS DE POEMAS para miña nai, para Rosalía de Castro, para os meus amigos... Titúlanse “CAMUFLAXE” e “TRAXE DE SOMBRAS”.

Lupel.....

P.S.- Son autora de libros como “Fisteus era un mundo” e a Literatura confórtame moitísimo...

P.S.- Miña nai non está morta. **ESTÁ CAMUFLADA NA PAISAXE...**

Agora eu poño a súa ROUPA, os seus TRAXES FERMOLOS DE AGRICULTORA...”.

No 1983 Lupe mandounos este traballo ao que ela fai referencia na súa carta anterior, daquela estudiaba o 5º curso no Colexio de Curtis. A súa escrita deixou alucinado ao xurado, provocándolle unha forte emoción, moito máis importante co primeiro premio acadado.

## Espérame, avó

Eu lémbrome do meu avó,  
él para min era o mellor,  
él para min era o home máis bo.  
El entendíame,  
escoitábame,  
e falábame.

Nunca lle chistaron os médicos,  
namais que no momento  
que se obrigou.

“¿Prá qué os médicos?  
¿Eles que farán?”-dicía meu avó.

A vida é unha viaxe  
arredor da morte.

A vida é unha viaxe curta,  
se a comparamos  
co hotel do gran final,  
despois do viaxiño  
cheo de sufrimentos.

Cando un parente morre

¿prá qué chorar por él?,

¿prá qué derramar tantas bágoas  
polas nosas fazulas?

Porque nós

daremos outra volta

pero voltaremos ó mesmo hotel

e reencontraremos

con él,

co noso querido ser.

O xefe do hotel

oín que era Deus.

Ten él o mellor,

o máis cómodo,

o máis fermoso,

cos anxeliños de camareiros,

e todo ó servizo noso.

¡Qué sorte ten meu avó!

¿Estarame esperando?

Ó mellor veme

desde a ventá

do seu hotel.

A morte encerra tristura,

eu vino na miña nai.

¡Eu tamén a coñezo ben!

Isto haino que superar.

Despois da súa morte





quedou un fondo recordo  
del no meu corazón,  
daquel avó  
que sigo ollando  
naquela lareira  
cando se estaba quentando  
sen falar con ninguén,  
dalado.

Tamén o recordo  
detrás daquel valado  
traballando e loitando  
polo pan de cada día,  
amando o seu traballo  
neste mundo desfeito,  
pensando nas vidas  
dos seus netos e bisnetos  
e das súas tres fillas.  
El sufriu moito  
nesta vida,  
chea de inxustiza,  
nesta volta derredor  
do hotel de cinco estrelas,  
pero nunca se queixou  
dos seus problemas,  
pois souboos solucionar  
botando unha risada  
da que me lembro ben.  
Aquel falar  
que nunca se me esquecerá.  
Recordo aquel avó,  
o meu mellor amigo.  
Recordo aquel home bo  
que comigo falou,  
que cando enfermou  
de min se acordou  
e que unhos minutos  
antes de baixar  
na súa parada,  
por min preguntou,  
pero que o vento marciño  
con todo arrancou.  
El era home de ben  
él era meu avó.  
El tiña caniñas brancas,  
delicadas coma o algodón  
na sua cabeza case calva

pero chea de razón e  
de esperanza.  
Nunca de nada se queixou  
sempre en todos pensou  
e na miña casa  
bon exemplo deixou.  
Á morte todos chegaremos  
e temos que prepararnos  
pra non chegar enfermos  
e así chegar sanos.  
A morte é un fin feliz,  
dixomo él,  
na morte estaremos ben,  
sempre que non vaíamos  
pra ese apartamento  
do hotel que dí  
INFERNO.  
Iso é moi feo  
eu non o quero.  
A porta que dí:  
PURGATORIO  
ésta está moi ben,  
e a que dí:  
CEO  
ésta moito mellor.  
Pra primeira non vaias  
vai pra a segunda  
ou mellor pra terceira.  
Espérame avó, non te esquezas de min,  
espérame avó, que eu sigo aquí  
viaxando e pensando en ti.  
Espérame, morte, espérame, ti tamén  
que eu  
seguirei o viaxe  
e chegarei xunto a ti,  
FORTE, SIN MEDO  
e con forzas, pra servirte a ti.  
Espérame avó,  
espérame avó.  
Espérame, por favor.



Guadalupe Gómez Arto, Colexio de Curtis 1º  
premio ciclo medio (Revista Xermolos nº 6, ano  
1983).

### 3. UN CERTAME QUE ABROLLA NA TERRA CHA: MEDRAMOS COS COLEXIOS CURSO A CURSO

Nestes anos intimidamos con esta comarca dende algúns dos centros máis vitais da Chaira, os seus centros de ensino. A identificación foi tan grande que estivemos vivindo a traxectoria vital de todos eles, e así nesta liña, de facer camiño con eles, tamén festexamos as súas camiñadas, e por exemplo, celebramos os 25 anos do Colexio de Monseivane de Moreda-Lanzós, con este texto, porque este océano de creación non ten lindes. Xa antes de construírse, participaban na Escola do Adro, dende os primeiros anos deste Certame Terra Chá.

#### 25 ANOS DO CEIP MONSEIVANE

“Coñecín primeiro os alumn@s da Escola do Adro en Lanzós, que participaron dende os comezos no Certame Terra Chá do Festival de Pardiñas, nos 80. No 86, na 7ª edición, aínda asinaron os contos e poemas na escola primaria. Xa no 87, remitíronnos dende o Colexio de Moreda. Era o seu primeiro curso. Celebrano o 5. Coma ensinante fun percibindo que na comunidade escolar tod@s podemos aprender, tamén os nen@s transmítennos horizontes novos: xestos, contidos, actitudes..., que arrequecen a vida de adultos. Descubrín que ós de Lanzós acaíalles a natureza, e sentín a súa paisaxe. Era unha escrita enchoupada de emoción polo máis feble do seu entorno, compartían os trazos diferenciadores da nosa comarca. Unha literatura tan plástica e visual, que me permitiu subir con eles ó Monseivane, escoitar a música dos seus ríos, saborear, por primeira vez, un gorentoso capón, perderme no castro de Adro, alí preto da súa escola. ¡Qué gozo cando souben que a ergueran os emigrantes!. A Escola Habanera, que fica coma un faro que orienta nas brétemas que están a acosarnos: despoboación, recortes que pechan as escolas rurais... “El Progreso de Lanzós” en Cuba converteuna coa súa estrutura harmoniosa e nobre, nun sinal do señorío desta veciñanza para os que penetramos polos seus camiños. Festival a festival estaban a abrimme o corazón da Chaira, por iso felici-

teinos cando bautizaron a nova agrupación, co nome do Monseivane, unha das olladas máis limpas e feis do universo chairego, dende alí apreciamos a súa inmensidade, de Vilalba á Feira do Monte. Entendín que tivesen tanta arte para dar a coñecer estes eidos, foi a luz primeira que bicou os seus corazóns, e cando se escribe con esa sinceridade, engaiolase ó lector. Na primavera seguen a agasallarnos cos gromos da súa creatividade, no Certame de Pardiñas e no Benxamín Paz do Insua Bermudez; son os latexos das nosas comunidades, por iso publicaron: “A nosa identidade”, onde recollen os oficios (2007), mergulláronse na Lagoa de Cospeito (2008) para afastarnos do lixo e daquelo que pode destruír a Terra, e afondaron nos sinais do noso xeito, da nosa ética e boa convivencia, escenificando a lenda das tres mozas da Charca do Alligal, encantándonos cos tesouros da sabedoría do pobo.

Alfonso Blanco Torrado (EL PROGRESO, 17 de abril de 2012)

**Si repasamos os cadernos de literatura infantil, descubrimos algunhas e algún dos que agora celebran arribar a outros espazos de crecemento persoal e de formación, sexa escolar ou na escola da vida. Noraboa.**

**Nós, todo o universo mundial, festexámolo con estes trazos e imaxes que algunhas e algún estades a compartir nesta mostra. Transmitides enerxía e vontade de estilo, que colabora a que este Festival de Pardiñas sexa máis fermoso. Neste evento hai unha teima, demostrar en cada edición que a arte que enxerga cadaquén medre compartíndoas cos demais. Queremos proclamar que entre moitos outros descubrimentos, recoñeces os vosos recursos artísticos, a vos a valía estética, porque como dicía o poeta que dá nome ó noso instituto: “a beleza feriuos para sempre”.**

Pero por outra banda, o feito de que algunhas e algúns desta familia estivesen de cumpranos, sempre hai "vodas de prata" ou de ouro..., agasallou a traxectoria do certame, pero non só coma institución, tamén a nivel de individuos ou pequenos grupos así sete mozas e mozos de 2º de BAC do IES de Guitiriz, "POETA DIAZ CASTRO", agasállannos cunha abundante e fermosa colleita de debuxos e pinturas que honran esta convocatoria, algunha e algún teñen participado en edicións anteriores dende Educación Infantil, enchoupándonos de vagas sucesivas de imaxinación, cada unha con forza e cor máis ou menos intensidade como as sucesivas olas do mar. Entusiásmanos, este crecemento das persoas, que se manifesta na

súa emoción artística e no seu afán por compartir os seus valores e arte. E si dalgún xeito fomos camiñando á par do Colexio Monseivane nos seus primeiros 25 anos, e solidarizámonos coas reivindicacións dos colexios polos recortes da administración, tamén festexamos que esta promoción de Guitiriz remata os seus estudos nesta comarca, despois de agasallarnos en etapas anteriores dentro das pautas deste certame. Porén suplimos os atrancos dunha política que non potencia a creatividade, con este berro: "A IMAXINACIÓN Ó PODER", porque as cores e formas desta promoción apostan polo futuro, superando as trabas que están a poñer nos no noso camiñar. 33 festival.

## MINERVA VARELA SAA



Aínda cursando educación infantil no Colexio de Parga é agasallada cun premio por un debuxo presentado no XXI Festival (ano 2000), pero as súas achegas foron multiplicándose ata o seu derradeiro curso en Guitiriz (2013) no que presentou varias pinturas cando estudaba o 2º BAC no IES Díaz Castro:

Nesta rede que tecemos estamos a fiar coa achega de moitas e moitos creadores que principiaron en Pardiñas, coma Minerva, que agora remarcamos polo entusiasmo demostrado na súa teima de partillar a creación e a busca da beleza de cadaquén na súa con-

torna, así a través de "Ars Lucensis", facendo corpo con outras e outros creadores en concertos literarios e musicais, coma o celebrado no pasado febreiro no Café Centro na Praza Maior de Lugo onde reside ou no San Xoán en Begonte. Vive con tanta intensidade a busca da beleza que sempre quere partillala con alguén, mesmo en espazos abertos... Neste concerto Minerva foi a animadora e nas súas intervencións transmitiunos as súas ideas sobre as artes.



Oito músicos e escritores participaron neste Concerto Literario. E tamén houbo un momento para aqueles e aquelas que quixeron aproveitar a oportunidade e poder interpretar música ou ler poemas ou relatos. E así foron subindo ao escenario: Brea, Conchi Montero, Gema López, Jordi Cicely, Minerva Varela, Randi Estrago, Txuso Juaristi, Xosé Torres. Este último inter-



veu nos comezos do Festival de Pardiñas, no 3º festival. E coma en Pardiñas: “Feira e Festa da Música e da

Arte”, neste concerto alternaron a música, pintura. poesía... Mesmo ven de publicar o libro “Poemas y canciones de una vida”, no que queremos lembrar o seu romance sobre a traxedia de Angrois que tamén estivo presente no festival do 2013, mesmo lembrando a un músico que paraticipara co seu grupo en Pardiñas.

Agora imos reseñar a presentación que fixo Minerva deste creador: “O próximo artista en compartir o seu arte connosco é Xosé Torres, ilustre e creador deste gran grupo que cada día aumenta máis e mellora a cada paso que dá. Como xa dixen antes voltou a súa terra para enriquecela, porque aquí onde o tendes é un artista dos pés a cabeza, non só se conforma compoñéndonos cancións, ser amante de música e incluso en ocasións ser actor, se non que tamén ten alma de poeta e de vez en cando arranxa melodías. Así que por isto e por moito máis grazas por ensinarnos tanto e apoiarnos sempre”.

Naquel evento Minerva convidou a partillar as artes, coma estamos a facer agora “E se me deixades un minuto máis quero e espero que pouco a pouco máis artistas se vaian animando a compartir con nós todo aquel arte que fai, que corre polas súas veas. Por iso pregunto: Alguén lle gustaría compartir con nós esa arte que fa? Porque é fermoso ver o que facedes, e aínda que ao principio sexa difícil, o final merecerá a pena”.

Neste afán de Minerva por partillar o seu xeito de vida, gusta de transmitir ás nenas e nenos o coñecemento da paisaxe e do patrimonio da súa contorna. Por exemplo, na Mostra de arte e relixiosidade popular de Bascuas en San Salvador de Parga.

**O pasado 10 de maio, Minerva presentou o seu primeiro libro: “Frágiles recuerdos”.**



---

## MARCOS VIGO DÍAZ

---

Marcos Vigo Díaz xa é agasallado cun premio en debuxo cursando Preescolar no Certame Terra Cha cando viña de ingresar no Colexio de Begonte. Dedicase ao deseño gráfico dende que no 2001 rematara os estudos superiores de gráfica publicitaria na Escola de Arte Ramón Falcón de Lugo. E nestes anos traballou en varios estudos de deseño, axencias de publicidade e como autónomo por case toda a xeografía galega.

Arestora é Director de Arte na axencia de publicidade QUATTRO IDCP.

Marcos Vigo Díaz (1980) de Pacios, entre Begonte e Baamonde, sería o autor que ía dar a




coñecer o XXVI Festival (2005), daquela un dos novos deseñadores gráficos deste país, non só pola súa idade, senón pola intensidade coa que estaba a vivir a súa arte e toda a problemática que xiraba arredor do deseño gráfico en

Galiza, moi marxinado nas programacións de estudos, emporiso daquela estaba a celebrar a recén aprobada Escola Superior de Deseño Gráfico en Lugo, na que ía seguir estudando.



Formou parte dunha avandilla de compañeiros que se prepararon na Escola de Arte Ramón Falcón: "Materia Gris", para buscar novos horizontes nunha profesión que conta nas novas xeracións con xente moi válida. Artellaron unha revista para dar a coñecer estes novos valores e acadar máis espazos para o deseño gráfico, desenvolvendo iniciativas en serigrafía e outros soportes publicitarios.

Traballou como grafista e maquetista, e xa no eido da creación é o autor de moitos cartaces de eventos e, principiando por esta comarca, foi agasallado co I Premio de Cartaces da Festa dos Callos e da Canteiría de Parga (2003) e co I Premio dun cartaz



da Once de Lugo. Xa no 2011 foi 1º Premio Concurso de Cartaces Quim Albores, e tamén finalista do Concurso de Cartaces da Semana de Cine de Autor de Lugo e do de cine AMAL Compostela. No 2915 acadou o 1º Premio do Concurso Festas Apóstolo Santiago de Compostela.

O primeiro paso na preparación dun novo festival é crear o sinal, o icono, que identifique o que vai ser o acontecemento daquel ano dentro do espírito que dá alento a Pardiñas, e no 2005 encargamos a Marcos Vigo esta teima, e acertou, porque o cartel que abreu este festival transmite a música, a ledicia, a necesidade de bailar..., nos nervios, no golpe, no xeito de tocar esta pandeireta. Todo o cartaz está a comunicarnos toda a festa que abrolla nestes días. Foi a mellor chamada para convocarnos a facer festa.

Como foi o cartaz dedicado ao seu irmán Adrián para a presentación dunha das súas gravacións en Guitiriz, convocada por Xermolos. A actividade creativa de Marcos é plural, non só no deseño gráfico, tamén na escrita e na música, así temos que reseñar estas publicacións: a novela gráfica ENCALLADOS, ou os fanzines MATERIA GRIS e LO ARTIFICIAL



As intervencións na Revista MIPTV e na DOT-galicia... O Álbum ilustrado NEL CIRCU LUSU. Tamén neste tempo participou en varias EXPOSICIÓNS, coma Ukelele K it Project, - ZONA C, SANTIAGO (2014). AS MELODÍAS QUE DOCUMENTARON O CRIME - DADÁ GALLERY-2017.



Xa na creación musical participa na **banda lucense de pop Berta Franklin**. Un quinteto formado por: Marcos Vigo (voz e guitarra). Jesús Iglesias (guitarra). César López (baixo). Simón Cuba (batería). Juan Castro (teclados)

O grupo naceu en Vilalba (2017) pero axiña se trasladaron a Lugo, coa teima de interpretar soul/rock en galego. Imos escoitalos a eles: "Coa formación tamén medrarán as misturas de influencias, así pois, a día de hoxe podemos dicir que Berta Franklin vai desde o rock n roll ao soul, pasando polo pop e a experimentación do postrock con ecos psicodélicos". Entre as producións musicais salientan os dous EP's, o Berta Franklin e o segundo chamado Somos Incendio.

As rapazas e rapaces de Guitiriz e as súas parroquias desfrutaron dende a primeira edición deste Certame, e así acae citar neste treito a

# BRANCA VILLAR ALVARIÑO

(1979), coma Luz Campello de Labrada de Guitiriz. O seu pai Antón María foi un entusiasta dos primeiros anos de Xermolos. Branca é unha creadora polifacética: escritora, escultora... É auxiliar de enfermería e estudante de masaxismo. Forma parte da NPG (Nova Poesía Guitirica) e do grupo CulturaliaGZ. A súa estética fica nos sentimentos máis rexos e nunha querencia total pola súa contorna, mesmo transmitindo o eco das campás da súa parroquia que convocan a manter vivo o comunal.



25 de febrero, Festa de Rosalía: “Instantánea do momento cando se entrega a escultura da miña autoría a Alfonso Blanco Torrado un momento moi emotivo de tantos!! Con Moncho Bouzas, Alfonso Blanco Torrado e Asoc. C. Xermolos”

## Balcón

Un vello balcón  
medio caído  
coa mente chorando,  
na realidade sorrindo  
un vello balcón chorando  
un vello balcón sorrindo.



Branca Villar Colexio de Guitiriz; (Revista Xermolos, XI festival, ano 1990)

## Acordes musicais

“A sensazon das vibracions,  
da música na pel,  
pechar os ollos,  
e sentir...  
Como percorre o corpo ,  
dende a cabeza ata os pes,  
cómo danza...  
cos átomos do ser.  
Esa vibrazon...  
que te fai transportar,  
a ilusión...  
de poder voar,  
expresar sentimentos,  
que fan enmudecer.  
Fai que o sangue,  
dance acalorando a pel.  
Liberala ialma,  
con cada acorde musical.  
Apertar, bicar, rozar,  
son corcheas,  
espallar endorfinas,  
en cada Re,  
dar un Do de peito,  
con sons que fan estremecer,  
percorrendo cada fibra,  
descargas eléctricas,  
as sinapses dan ritmo,  
á liberdade do meu ser,  
cando me encontro,  
percibindote, sentindote, escoitandote”.



Branca Villar, 6 de outubro de 2018

“ESPIÑAS Esa teima miña, de abrazalos rosais , sabendo que marcan, con fendas cor escarlata, pois xa moran, e aniñan no meu peito, as espiñas, das rosas máis fermosas”.

Branca Villar 2018

Branca pertence á Nova Poesía Guitirica que está a crear unha ferverza da poesía e das outras artes entre nós. Eles mesmos fan a súa presentación Os Vilares, lareira de soños: A NPG



NOVA POESÍA  
GUITIRICA TEN  
NOVO LOGO. A  
artista multidisciplinar e poeta da

NPG Luz Darriba ven de agasallarnos con este deseño para imaxe do grupo poético nacido tres anos atrás na parroquia de Díaz Castro. Sinxeleza e expresividade. Luz, que é artista, non deseñadora, ten ideado esta imaxe entendendo que un logo ten que reunir unha serie de requisitos gráficos. Foi vectorizado e limpa-do en Bos Aires por unha das súas fillas (Aymará Ghiglione), que si é deseñadora gráfica. E aquí temos o resultado, que nos enche de orgullo e alegría e nos da aínda máis azos para seguir a traballar pola poesía, a literatura, a arte e a cultura. A folla de carballo conéctanos coa nosa estirpe e a tradición e a saiba que corre polas follas é o traballo comunal, de grupo, que tanto e tan bó nos ten levado a facer na NPG desde a humildade...

O logo, será desde agora a nosa imaxe iden-titaria, nas redes sociais, na web e en todo canto a NPG realice e participe. Grazas a Luz e Ay-mará!!! Sentímonos honrad@s!!!

A SAUDADE DA  
IALMA é o poemario  
de Branca Villar edi-  
tado por #Estraperlo-  
Culturalia co que se  
integra no universo  
poético da Chaira.



Na foto, Branca con Victor Freixanes, Pre-sidente da Real Academia Galega e Antón de Guizán da Lareira de Soños, xestionando no nome da Nova Poesía Guitirica o recoñecemen-to das VILARIÑAS como nome propio para as micro poesías galegas.

## ABEL PENA BODENLLE

Vive a tope o Festival de Pardiñas dende neno, xa no 2010 cando tiña 4 anos foi agasa-llado cun premio por un debuxo no Certame Terra Chá, pero a medida que foron medrando os seus centros de atracción artística, tamén foi plasmando a súa ollada do festival co debuxo, a fotografía, etc. sen esquecer a súa participación no festival coma gaiteiro ou canteiro. Toda unha presenza creativa que non fai máis ca axudar a medrar Pardiñas.

Neste Certame sempre hai debuxos que ex-presan o que as e os nenos e moz@s descubren en Pardiñas. Aquí o de **Abel Pena Bodenlle**, que a pesares da súa curta idade, 8 anos, xa ten claro que Pardiñas é un mundo de músicas,



Portada do Caderno de Literatura Infantil nº 46 (2015), e abaixo a ilustración da contraportada do Caderno do 2013, cando só tiña oito anos (Caderno XXXIV).





no que se unen tradición e modernidade. Abel leva toda a vida medrando en harmonía co Festival de Pardiñas, e co seu inxenio xa ten penetrado no espírito do Festival.

E na liña de remarcar o Festival de PARDIÑAS coma creador de vencellos na familia a través do cultivo das artes reproducimos este premio en fotografía acadado pola irmá de Abel, Noa, fixando para sempre a súa implicación no evento.

Outra das facianas da participación de Abel en Pardiñas é o seu labor de canteiro, intervindo na Mostra de Artesanía, á par do seu mestre Ramón Villar, unha paixón que transmite a co-tío, así na Festa da Fala do San Alberte (abaixo). Non podemos esquecer o seu protagonismo no eido audiovisual, mesmo presentando algún vídeo ao Certame Terra Chá, un deles "A chave de Bascuas" dirixido por Bruno Pena.



## 4. NON ESQUENCAMOS ÁS E AOS ESCRITORES E GUIEIROS QUE ARREQUECERON ESTE CERTAME

### ALBA SOFÍA NASEIRO LAMAS

Participa no Certame Terra Cha dende moi nova, sendo recoñecida a calidade da súa obra en todos os eidos, así en primaria en debuxo cando estudaba no Insua Bermúdez de Vilalba (2005). Dous anos despois, xa na escrita, brindáranos este poema, estudando 3º:



Alba recollendo o premio polo poema anterior en Pardiñas no 2007.

#### Así é o amor

Ledicia,  
placidamente adobiada  
con brandas e brancas nubes  
sobre un morno ceo azul.

Tristura,  
amargamente enfeitada  
con grandes e grises nubes  
sobre negro veo de tul.

Amor,  
sinxelamente ataviado,  
con ledicia e con tristura  
con mágoas e con tenrura...  
... con bágoas e con paixón.

Alba Sofía Naseiro Lamas, Insua Bermudez Vilalba (Caderno Literatura Infantil, 2007)



Alba Sofía Naseiro Lamas, é unha creadora dende moi nena. En Pardiñas disfrutamos da súa sensibilidade e inxenio. Participa en moitas actividades culturais, e todos os anos recítanos unha poesía de Manuel María no seu cabodano, a carón das Penas de Rodas, ou na beira do Río Miño. Pero ela mesma ten confesado o que significa este Certame:

### **“Ao comezo do camiño**

por Alba Sofía Naseiro Lamas

Un premio pode significar moitas cousas. Depende da persoa. Depende do momento. Dos primeiros premios que recibín, froito de pequenos intentos de responder á necesidade de expresarme cando aínda era unha nena, gardo un gran recordo. Lémbrenme o sentirse un paxaro torpe e inocente saíndo do niño para comezar a voar, ver o mundo, aprender cousas novas... e volver á rama, ao niño maternal, para ser ben aconsellada e continuar cara adiante.

Eses premios téñollos que agradecer á Asociación Cultural Xermolos. Sen o ánimo e o pulo que supuxeron para min, agora non seguiría escribindo..., e creando. Grazas á experiencia recibida dos persoeiros que nos acompañan a todos os que algunha vez participamos, agora son quen de valerme por min mesma para dicirvos estas palabras.

Tiven a honra de gañar, pero tamén de entregar esas pequenas pero moi valiosas recompensas, e animar a outros a seguir o camiño da literatura. Quédame un mundo por andar, pero sería aínda máis camiño de non ser por Xermolos.

Sorte a todos, e grazas! (Revista Xermolos, Caderno de Literatura Infantil, nº 41, 2012)”.

Xa no 2009, 30 anos deste certame, levou este premio en narrativa, cursando a Eso no Basanta Silva de Vilalba (Xermolos nº 38)

### **A pedra da Lúa**

Lían espertou. O seu sono veuse perturbado por uns golpes na porta. Levantouse e foi cara ela. Abriu e, por arte de maxia, a noite que o ollaba dende a súa fiestra desaparecera e o claro onde ficaba o poboado cubriuse de luz.

Cando a xente descubriu a desaparición do rapaz, Ílea sentiuse mal, pois fora quen lle discutira que había algo máis no universo que o pobo. Ela era a rapaza máis soñadora e rebelde daquel lugar, pero sempre foi amiga de Lían. El era todo o contrario, xa que para el o máis importante constituíao o poboado.

A luz era case cegadora. Lían avanzou uns pasos lentamente, ata que puido acostumarse a ela. Volveuse para poder ver o seu pobo, pero no seu lugar só había un pequeno claro entre as árbores. Fixouse na Grande Árbore que se alzaba na praza grande e veu un humilde arbusto. Entón comprendeu que viaxara ao pasado, fai centos, ou quizais miles de anos, cando o pobo non existía e a Grande Árbore era só a sombra do que sería pasados os anos, as décadas, os séculos e quizais milenios.

Esa noite, Ílea, ao deitarse, notou unha presenza estraña. Mirou ao lume, do que xa só quedaban unhas tímidas chamas e notou como cambiaban de cor a violeta claro. Achegouse a el e entre as brasas distinguiu unha pedra. Apagou o lume para collela e observou que aquela estraña xema brillaba por si mesma e a súa luz inundaba a habitación. Gardouna no peto envolta en panos. Ao día seguinte intentaría descifrar aquel misterio.

No claro, tan cheo de luz, o tempo pasaba lento e Lían non sabía que facer. Levaba días sen comer nin beber e sen embargo non tiña fame nin sede. De súpeto tropezou. Levantouse como puido, xirouse para ver o que lle fixera caer e descubriu unha pedra violeta escura, case negra, que contrastaba coa claridade do lugar no que se atopaba. Era fermosa. Enfeitizante. Ou, quen sabe, enfeitizada.

Ílea, pola mañá, cos primeiros raios do Sol, observou detidamente a pedra. O seu brillo e transparencia, que case parecía xeo violeta, era o que a diferenciaba das pedras que se atopaban nos arredores. Era estraño, pois cando collía a xema olvidaba as penas que a atormentaban. Unha muller vella observábaa.

- ¡Unha pedra de luz! –Exclamou a anciá.

Ílea mirou cara a muller. Ésta sentouse ao seu lado.

- Din que fai moito tempo, o poboado estaba cheo de seres fermosos e estraños. E que o ambiente estaba cheo de maxia. As pedras de luz e as de escuridade gardábanas no seu interior. Un día, os humanos decidiron roubar aquela maxia e un deles abriu pola

metade unha pedra como esta. Debido a esta acción, todas desapareceron e os seres foron extinguíndose co tempo. –Explicou a muller. –Eu, cando era xoven, intentei defender esta lenda que meus avós me contaron e a xente tomoume por tola. Agora ti tes a proba. Deféndea ti.

A anciá marchou, e Ílea ficou un pouco máis observando a pedra de luz.

Lían seguía no mesmo lugar. Tan baleiro, pero tan cheo de... ¿maxia? De súpeto veu algo moverse entre os arbustos. <<Será un cervo>>, pensou. Pero cando saíu un fermoso animal, semellante a un lobo, pero branco e con dúas grandes e belas alas, quedou estupefacto. Tiña un pouco de medo pola estatura e a maxestividade do animal. O lobo branco marchou sen nin sequera miralo.

Ílea non puido durmir esa noite. O ruído da choiva e a preocupación por Lían mantíñana en vela. Pensaba en cal fora o destino do seu amigo, que lle sucedera e se tiña a ditosa pedra algo que ver. Unha voz, suave como o susurro do vento e doce como o rumor da auga, díxolle unhas misteriosas palabras:

- O arco da mañá levarate ao pasado. Na cova prohibida atoparás unha resposta.

Sentiuse confusa. Intentou durmir, pero as primeiras luces do amencer xa substituían á branca lúa. Saíu fora e veu un fermoso arco da vella no ceo. <<O arco da mañá ...>>, pensou. Colleu a súa roupa e foise.

Evitando a mirada da xente, indo por camiños estreitos e pequenos sendeiros, chegou á cova prohibida. Alí reuníase con Lían cando eran só nenos, e iso traíalle recordos. Entrou na escuridade da gruta e acendeu un candil.

De súpeto tropezou cun saínte. Levantouse e alomou ao chan. Alí había unha figura en relevo. Era un triángulo, en cuxos vértices víanse tres círculos. Nos círculos, uns debuxos que representaban un lobo alado branco, a lúa e unha chave. Qué curioso, a chave era o único que parecía en relevo daqueles debuxos. Intentou tocala e veu que era real. Colleuna e mirouna nas súas mans. Avanzou uns pasos e topouse cunha parede de roca. Gravadas nela había tres pechaduras. Sobre elas, os debuxos do triángulo. Pensou en Lían e instintivamente levou as mans á pedra. Á súa mente veu a imaxe do lobo. Pechou los ollos e meteu a chave naquela pechadura.

Viña un delicioso aire fresco. Abriu os ollos e veu que a escuridade da cova cambiara a unha claridade cegadora. Estaba no claro e viaxara ao pasado.

Lían estaba cansado, moi cansado. Non podía camiñar e, sen embargo, aínda non tiña fame nin sede. Deitouse apoiado nunha roca e sentiu que lle faltaba algo. Pensou no poboado, pero non era o que botaba de menos.

- Ílea...-Pensou en alto. Ela lle faltaba.

Momentos despois durmiuse. E se o tempo no claro ía amodo, nos brazos de Morfeo, parecía eterno.

Ao outro lado do claro, Ílea camiñaba intentando situarse e distinguiu unha figura non moi lonxe. Parecía un montón de farrapos vellos. Acercouse temerosa. Era Lían.

Alguén, ou algo, observábaos dende a maleza. Ílea, co seu amigo entre os seus brazos, non se daba conta. Desexou ter algo para axudarlle.

Do chan brotou, como por arte de maxia, un manancial que discorría lentamente cara os dous. A auga era cristalina e fresca como o xeo. Ílea probou un pouco e deulle de beber ao seu amigo. El espertou.

- ¿Como chegaches ata aquí? –Preguntoulle Lían.

- Nin eu o sei. –Respondeu Ílea, cun sorriso. –Agora o importante é saír de aquí e, ao mellor, tamén devolverlle a antiga maxia ao pobo.

Ela sentiu, de súpeto, a presenza que os observaba. Mirou cara a maleza e descubriu ao lobo branco, surxindo entre os arbustos e encamiñándose cara onde estaban.

Cunha voz profunda, pero para nada ronca, o lobo falou.

- Benvidos ao claro da Lúa. Sei o que ves facer, Ílea. O único que lle pode devolver ao teu pobo a maxia, son as pedras da Lúa. Ti tes a da luz, e agora, Lían ten a da escuridade.

Despois, mentres se escondía de novo na maleza, pronunciou unha misteriosa frase cun sentido descoñecido para os dous.

- A chave ocupa un lugar no triángulo.

O ambiente quebrou de súpeto e Lían e Ílea atopáronse na cova prohibida. Ela intentou recordar todo o que pasara. Pensou en cal sería o significado das palabras do maxestoso lobo.

- ¡O triángulo! – Dixo, de súpeto.

Correu cara o triángulo e depositou a chave que gardara no peto no lugar onde a atopou. Nos outros dous círculos colocou as pedras da Lúa.

Unha cascada violeta recorreu a estancia e saíu ao poboado transformándoo no máxico lugar que antes fora: O claro da Lúa. O frío da noite transformouse nun frescor de menta e a xente saía das súas casas a ver o encantamento que cubría o pobo e as fermosas estrelas que, antes ocultas polo fume, agora brillaban como xoias no ceo nocturno.

Os dos amigos tamén as vían dende o alto dun outeiro.

- Grazas. -Díxolle Lían a Ílea. -Salváchesme e, ademais, fixéchesme entrar en razón. Espero que esta maxia dure moito.

- Ogallá... -Respondeu Ílea.

Alba Sofía Naseiro Lamas

### **Alba Sofía Naseiro Lamas lembrando A Manuel María: "sigo a ler os teus poemas nos libros que ti me regalaches"**

Arredor da Festa das Nosas Letras, no 2005, varios colexios chairegos programaron actividades en Outeiro de Rei celebrando a Manuel María, que principiaron convidando a lelo. Participaron os Colexios Insua Bermúdez de Vilalba, o de Pastoriza, o de Lagostelle e Baamonde, así coma os IES de Rábade e Guitiriz.

Este achegamento a súa vida e obra tivo un punto de emoción, cando representacións destes centros de ensino nos xuntamos a carón da tumba dos restos mortais de Manuel María no cemiterio de Outeiro de Rei, alí todos os centros presentaron as súas ofrendas líricas ao poeta e depositaron ramos de frores. Recitaron poemas seus, pero tamén algunha obra propia, e mesmo interpretaron versos musicados. A daquela alumna de 4º do Insua Bermúdez de Vilalba, Alba Sofía Naseiro Lamas, que segue participando deste festival, abriu aquel día as intervencións transmitindo esta vivencia:



Alba Sofía Naseiro Lamas con Manuel María e Saleta, xunto coa súa nai María Xosé Lamas, na apertura da Rúa Lois Peña Novo en A Coruña no 2004. Escollemos esta instantánea no Centenario das Irmandades da Fala, lembrando a un dos seus líderes, este fillo egrexio de Vilalba. Foi unha das derradeiras fotos de Manuel María.

### **Carta a Manuel María**

"Ola, Manuel:

Non sei onde podes estar nin se vas a recibir esta carta, pero quero contarche moitas cousas. ¿Sabes? Por fin, son actriz de teatro, e gústame moito. A obra titúlase "COSTUREIRA SEN DEDAL" e escribiuna unha amiga túa, a miña mamá.

Na revista do meu colexio van adicar unha parte a ti. ¡Que ben!. Os profes pedíronnos debuxos sobre o outono e Nadal ou algo sobre ti, eu preferín facer algo adicado a ti.

Pensei moitas cousas, e decidín escribir esta carta. Quero que saibas que sigo a ler os teus poemas nos libros que ti me regalaches, que cada vez me gustan máis. ¿Sabes cal é o libro teu que máis me gusta? O Gato Mimi. ¿E o poema preferido?

Vou escribircho:

"A Terra Cha somentes é:  
un pobo aquí,  
outro acolá,  
mil árbores,  
monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá."

Moitos bicos, Amigo...

P.D./ Cando pase por Outeiro de Rei hei de levarche máis rosas amarelas".



Sofía levou premios en varios certames xuvenís, así no 2011 recibeu un dos premios Anxel



Casal en Santiago polo seu conto *Os ollos da pantasma*, segundo o xurado “un relato de pautas, de estilo clásico, con clara inspiración gótica e vitoriana, apuntando un hinguaxe imitadora da novela do XIX”.

Tamen é agasallada no Certame de Contos Vila de Pontedeume por un xurado no que participaba o egregio narrador vilalbés Agustín Fernández Paz. Xa no Minerva foi agasallada por dous contos: *A ratoeira*, e *Literatura*.

Xa na Universidade de Santiago estudou Comunicación Audiovisual en Santiago, e neste curso está a facer o Máster de Teoría e Prácti-



ca do Documental Creativo pola Universidade Autónoma de Barcelona. Alterna os estudos con actividades sociais encamiñadas a crear solidariedade, e aí tamén cómpre salientar a súa afección á música: así toca o piano en festivais benéficos en Vilalba. É tamén a teclista e compositora nun grupo de música que se chama Golden Dx. Ben, na foto.

## NOA PENA BODENLLE



Nesta andaina na que estamos a disfrutar temos a experiencia de sentir as vibracións que xera en nós comprobar coma irmáns en distintos niveis de ensino fican na mesma

vaga de creación, mesmo complementándose nesta explosión da creatividade. E volvemos a remarcar esta circunstancia en ABEL E NOA PENA BODENLLE, ata os dous teñen obra nas mesmas artes: literatura, música, audiovisual, plástica, fotografía... Os dous teñen asinado fotos no xornal La Voz de Galicia, mesmo do Festival de Pardiñas e doutros eventos de Xermolos,

No 2012 os dous premios de debuxo “Díaz Castro e Manuel María”. Noa deixounos a súa ollada sobre o festival tanto na plástica coma na poesía, así no debuxo da portada do nº 38 (2009) Igual que Abel que cun estilo distinto re-

presentounos o festival cunha instantánea (Caderno XXXIV, 2013) que xa disfrutamos.

Os dous principiaron moi novos e arrequeceron o certame case todas as edicións, así coa portada e contraportada do Caderno de Literatura Infantil nº XXXVI (2015)

Reflectiron o festival dende todas as artes, sobre todo na fotografía, pero tamén na escrita, así Noa con estas achegas:

### Esencia enxebre

A quen non lle gustaría  
asistir a unha romaría  
na que hai moi bo ambiente  
e a que veña toda a xente?

Somos privilexiados  
aqueles que nos xuntamos,  
cantamos, rimos, bailamos  
e coa música emocionámonos.

Unha gaita, un tambor,  
óense ao noso carón,  
soaba unha muiñeira  
co seu espléndido son.

E os postos de artesanía  
con xente ao seu arredor  
mercando cousas fermosas  
feitas con moito amor.

Vendo uns “jipis” tirados,  
nós pensamos:  
¡que deixados!  
Pero logo nos decatamos  
que son felices  
e moi animados.

Estou falando de Pardiñas,  
festa con moito encanto  
se nunca ata aquí chegastes  
¿por que non vides este ano?

Noa Pena Bodenlle, XXXIII Certame (2012), 6º  
primaria.

### **Unha nena cun vestido**

Unha nena cun vestido  
ficaba no seu niño.  
Ela estaba moi solaña  
sempre na súa casaña.  
Co seu gato  
e o seu pato  
os dous xuntiños  
pasean polos camiños.

Un día pola tarde  
a nena tiña fame  
foi a casa do veciño  
e pediulle touciño.

Enriba do tellado  
subiuse co seu gato  
e comeron o touciño  
que lle dera o veciño.

Un paxaro atopou  
que tamén se lle arrimou.  
Agora van xuntiños  
e son moi amiguíños.

Noa Pena Bodenlle (Caderno 32) 6º E.P.  
(Guitiriz)



Foto de Noa dedicada a Manuel María.

Nesta visualización perenne dos patriarcas  
da literatura da Terra Chá no Festival de Pardiñas,  
Noa remarcou a memoria de Manuel María  
e de Xosé María Díaz Castro.

### **Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro, personaxe, pero sobre todo persoa**

Nace no Vilariño  
na aldea dos Vilares no  
ano 1914. Con 15 anos  
marcha a Mondoñedo  
a estudar no Seminario  
e alí escribe os seus  
primeiros cadernos de  
poesía “Follas verdes” e  
“Follas ó aire” que non  
foron editados ata agora  
(1932-1935).



Díaz Castro no Festival de  
Pardiñas do 1987.

En Xuño do 1936  
tras rematar os cursos  
de Latín, Humanidades e Filosofía  
marcha de Mondoñedo para ingresar  
no exército como voluntario  
o comenzo da Guerra Civil. No ano  
1939 xa licenciado regresa ó  
Seminario a rematar os seus estudos  
que acaba por abandonar por non ter  
clara a súa vocación. No ano 1940  
comeza a traballar en Vilagarcía de  
Arousa como profesor de Francés,  
Inglés, Alemán, Filosofía, Relixión  
e Latín. En Betanzos recibe os  
premios dos Xogos Florais no 1946.  
Chega a Madrid no ano 1948 onde  
traballa no Ministerio de Goberna-  
ción como tradutor. No ano 1954  
casou con María Teresa Zubizarreta  
e teñen tres fillos.



No ano 1961 publica o seu único libro “Nimbos”. O éxito foi rotundo e escritores como Cunqueiro, Anxel Fole e outros non escatiman en eloxios. “Penélope” é o poema máis coñecido do escritor, nel fala da represión e pasividade que existe no país. En 1985 xa xubilado fixa a súa residencia en Guitiriz e son varios os actos e homenaxes nos que o escritor é recoñecido. Unha das homenaxes mais destacadas foi a celebrada por Xermolos o día 21 de Abril de 1990.

O 2 de Outubro de 1990 finou o noso veciño ós 76 anos de idade. Xosé María Díaz Castro aínda que estaba fóra de Galicia sempre estivo unido ás súas raíces. Na súas obras os temas son diversos pero sempre referidos a

A modestia que o caracterizaba, fixo que nunca quixese publicar ningún dos seus traballos xa que era un home moi perfeccionista. Isto mesmo fixo que fose pouco coñecido por ter publicado só un traballo. O meu primeiro contacto co escritor foi a través do meu amigo Alfonso Blanco Torrado que me regalou o libro Nimbos.

Dende o primeiro momento atopei nos seus poemas os sentimentos dun home sinxelo, ó que lle agra-

daban as pequenas cousas da vida. Esas cousas podían ser as criaturas que nos rodean, a cultura das nosas xentes, das que él estaba tan orgulloso, a luz, as sombras, a terra, o ceo, os homes, a herba, as estrelas, o río, e tantas outras cousas que só él foi quen de expresalas dese xeito.

Cóntame Alfonso que foi un home moi apreciado por todos nos sitios onde viveu tanto en Mondoñedo, Vilagarcía ou en Madrid onde pasou 30 anos, pero donde máis feliz se atopaba era na súa Terra Chá. Nunca foi sinalado pola rúa por ser un gran escritor famoso senón todo o contrario, para os seus veciños era un máis.

Gustáballe dar paseos por aqueles sitios que recordaba da súa mocidade e tamén ir tomar unhas cuncas de viño ó bar Gaibor ou pasar horas no local de Xermolos onde dicía ser a súa segunda casa.

Todo o que está pasando este ano sérvenos ós rapaces e rapazas coma mín para achegarnos a un gran poeta, un bo mestre, un magnífico tradutor que dominaba 17 idiomas e sobre todo a unha gran persoa. Querido por igual entre veciños, amigos, escritores e familia todos admiraban a persoa antes que o personaxe.

Cando me ofreceron a posibilidade de participar neste proxecto que desenvolve o IES Poeta Díaz Castro non o dubidei nin un instante. Contar como foi a súa vida e a súa obra é para min unha satisfacción persoal. Este ano que se celebra o centenario do seu nacemento tamén se lle adica o Día das Letras Galegas que é o recoñecemento máis grande que se lle pode dar a un escritor galego.

No Instituto traballamos durante todo o curso para homenaxear ó poeta que lle dá nome ó noso centro. Foron moitas as actividades levadas a cabo, pero a máis importante foi a grabación da curtametraxe “Os camiños esquecidos”. Moito traballo, moitas horas pero tamen moita ilusión. Agardo que guste moito a todos/as. Mil gracias ós meus compañeiros, ós Mestres, a Cristina de la Torre, a Alfonso, ó persoal do centro e sobre todo a Díaz Castro por deixarnos este gran legado.

Noa Pena Bodenlle. 2º B. IES. Poeta Díaz Castro. Guitiriz 2014



No ano de Manuel María, Noa foi agasallada pola súa participación no video “Canto ao idioma galego”, video interpretado por ela e outros alumnos de 4º da Eso do IES Díaz Castro. Na foto, a segunda á dereita, con Sheila Pérez, Brais Pita, Marta Rocha, Tania Gómez, e a profesora de música Sandra Tenreiro, recollendo o premio no Festival de Pardiñas.

## SEGUIMOS NA SENDA DAS E DOS NÓSOS ESCRITORES

### LUZ CAMPELLO

Luz Campello participou nas actividades de Xermolos dende moi nova, acadando un recoñecemento importante pola súa forza expresiva, publicando na Revista Xermolos varios poemas. No 2005 é agasallada co premio literario das casas galegas de Euskadi pola súa achega poética: “Muller”. Xa no 2009 Xermolos editalle o poemario *Do corazón da terra*, 55 composicións que nos transmiten a súa vivencia da infancia. Mesmo é un eco daqueles versos publicados na Revista Xermolos: a súa identificación coa natureza, as tradicións da súa aldea... Ninguén mellor ca prologuista desta obra, Pilar Pallarés, para contaxiarnos desta emoción: “(...) Case podemos ver, tocar, ulir. Mais o tempo, o metaforismo ousado e preciosista abre as fronteiras do cotián e revela a marabilla. O sinxelo mundo que nos rodea é un tesouro. O mellor será dicir que a marabilla non nos rodea, senón que nos fusionamos con ela, que somos ela”.

Despois de estudar en Guitiriz, fixo o bacharelato no Ferrol, lugar onde volveu a vivir aló polo ano 1989, logo de diplomarse en Traballo Social pola Universidade Complutense de Madrid, sendo a primeira Traballadora Social do Hospital desta cidade na que desenvolve unha intensa actividade social, de apoio ás persoas con problemas de saúde e as súas familias, mesmo fundando asociacións con esta teima.

Ao mesmo tempo licenciase en Socioloxía pola Universidade da Coruña e a finais do 1997

trasládase a vivir a Culleredo. Onde segue a desenvolver o Traballo Social Sanitario no Hospital Universitario de A Coruña, nesta época moi orientada ao Voluntariado e ás relacións coas ONG's ou entidades da sociedade civil; isto lévaa a liderar o Programa do voluntariado de Emerxencia medioambiental “Prestige” da Xunta de Galicia, con motivo do derramamento de fuel que asolou ás nosas costas.

Xa no 2011, asume a responsabilidade de Xefa de Servicio de Traballo Social no Hospital de A Coruña, e segue agasallándonos con moitas ofrendas poéticas e tamén artigos de ámbito social e sociosanitario cun progresivo activismo feminista. Dende o seu inicio laboral, aló polo 1989 no Hospital do Ferrol é pioneira na loita contra a marxinação social no eido da saúde creando pontes con sensibilidades comprometidas coma o voluntariado e organizacións sociais, colaborando máis de 10 anos, coa Universidade de A Coruña en investigacións sociolóxicas. Algunhas das súas publicacións versan sobre “Modelo de traballo social sanitario para el sistema de salud del siglo XXI Trabajo social y salud”, N.º. 90, 2018, “A asistencia persoal: un medio para garantir unha vida independente”, Revista galega de ciencias sociais, N.º. 7, 2008, “O papel das administracións no desenvolvemento da acción voluntaria: límites da súa intervención” Revista galega de administración pública, 2003, “Educación, racismo e inmigración en Galicia” Revista galego-portuguesa de

psicología e educación: revista de estudios e investigación en psicología y educación, Vol. 9, 2003, "Traballo social na atención primaria de saúde e a súa relación cos servicios sociais" Revista galega de traballo social, N°. 4, 2001.

Pero deixemos falar a MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, o que ía ser o editor do seu segundo poemario "O Inventario do prohibido" que verá a luz no ano 2015:

### Noticia de Luz Campello

Presentouse días atrás na Biblioteca de Poesía Uxío Novoneyra, situada no fermoso Pazo Vila Melania (Culleredo), o primeiro libro de poemas de Luz Campello, editado pola Fundación Manuel María. Luz Campello é natural de Labrada (Guitiriz) e no ano 2005 foi celebrada como gañadora do Certame de Poesía da Irmandade dos Centros Galegos de Euskadi cun libro titulado Muller, que ficou inédito. Por iso o libro que acaba de ver a luz e que nos é ofrecido hoxe aos lectores -"Do corazón da terra" é o seu título- cobra un valor extraordinario, pois unha nova poeta da Terra Chá, ingresa, digámolo así, na República das Letras Chairegas e Galegas, e faino ademais cunha obra primeira que sorprende pola súa densidade significativa, polo seu coidado formal e, en conxunto, pola súa madurez expresiva. Eu ben sei que Manuel María, o verdadeiro creador simbólico, poético e popular da Terra Chá, sería o primeiro en manifestar a súa ledicia por esta aparición de Luz Campello, que canta a "a aldea de uzal, de campos serodios" e a "aldea nidia de calostro mineral". Pilar Pallarés, autora do limiar deste "corazón da terra", fala dunha constatación gozosa da unidade entre o Eu e o Ti que é a natureza, a terra, a aldea na que esta se concreta, e descubre nos poemas de Luz Campello un mundo de metáforas sorprendentes -"ese sol de granito da invernía"- e unha voz poética que gusta de enumerar as cousas humildes e concretas deleitándose no matérico: "case podemos ver, tocar, ulir". A poesía desta nova autora chairega chéganos, en efecto, tinxida de sen-

socialidade transpersoal e dunha particular sensualidade -a sensualidade do mundo, matizaría un simbolista- que nos invade de imaxes, percepcións e sensacións, creando en nós, como lectores, unha resposta inmediata e sensíbel aos seus versos. Luz Campello entra a formar parte do gran río da lírica chairega -eis Manuel María e Darío Xohán Cabana, por exemplo- e con este seu primeiro libro que nos entrega acende unha estrela alta e nidia na gran poesía galega de hoxe. (Galicia Hoxe 22-01-09).

Alguns dos seus poemas publicados na Revista Xermolos:

### O Eume en escea

Rio Eume, río Eume  
cabalo armado da historia  
intre os teus teares de vidro  
teces vidreiras ó serán,  
intre os teus montes namorados  
dormes noites de luar,  
canso protagonista de escea  
arrastras os anxeios dos antergos,  
ollas a morte ó teu paso  
resoan campás de pedra  
intre espellos deformes  
intre máscaras de cera,  
afógaste nun mar valeiro  
cabalo armado da historia.  
Loitas, deserto, contra o vento,  
loitas, iñocente contra a soga,  
ante milleiras olladas de ferro  
victorioso gañas a batalla,  
rematas, espantallo, a túa función  
intre os beizos do mar e o ceo  
e amodiño...  
vai caendo intre a brétema o telón.

Luz Campello, Labrada, outono do 87

### Anxeios

De que maneira sin deterse aínda, fuxen  
follas de outono, anos de mocidade,  
cómplice das súas cadeiras  
vaivén dos seus andares;  
ascética Leticia, vagalume inqueda.  
Anxeios dos seus anos espigada;





Nos beizos a esperanza, Leticia casada  
 sangue do seu sangue, catro fillos,  
 cartos que son poucos, a miseria desgarra,  
 toscas as maneiras, temperamento rudo,  
 dos señores os fillos o seu peito amamantaba.  
 Mais o tempo corre mais, grande tirana,  
 o seu corpo en flor marchitouno a xeadada,  
 xeadada de hoxe, xeadada de onte....  
 e na súa sombra dorme, Leticia viuva, días que sa-  
 ben a norte.

¡Anceiros dos seus, anos espigada;  
 Anos que fuxiron,  
 lóstregos en noites de tronada.

Luz Campello, Labrada, outono do 87

### Un canto ó inverno

Sei que chega, sin petar á porta,  
 pro estouno esperando, cos ollos despertos,  
 porque non quero durmir cego no inverno,  
 non quero ter, medo na noite,  
 na febre fría, caer, non quero, non.

Que me tendan un violín,  
 que me traten de colgado,  
 quero subir cantando as gradadas  
 do inverno escalonado,  
 como compañeiro da viaxe,  
 non quero dioses, mutilados,  
 héroes sen forma,  
 nin amuletos imaxinarios,  
 quero como peregrino camiñar  
 ó compás do tempo abrazado  
 e como laberinto máxico atravesar  
 as congostras do monte acoitelado.

Que me tendan un violín,  
 que me traten de colgado,  
 quero cantar un poema  
 para quentar o ch amollado  
 ós carballos de orellas colgantes,  
 ás herbas que dormen no prado,  
 ás froes que esmorecen, carta en baza,  
 á fraga espida, ó monte pelado,  
 quero teñir o inverno,  
 envolvelo en partituras,  
 arroupalo en baladas,  
 transformar as noites duras



en noites aluaradas,  
 como compañeiro da viaxe,  
 non quero dioses mutilados,  
 héroes sen forma,  
 nin amuletos imaxinarios,  
 que me tendan un violín,  
 que me traten de colgado.

Luz Campello Labrada, outono do 87



Na foto Luz Campello no Día de Rosalía e Díaz Castro no 2019, cadrando cunha homenaxe ao coordinador de Xermolos, Alfonso Blanco, quen no acto organizado pola Lareira dos Soños e a Nova Poesía Guitirica fixo referencia á revista Xermolos de 1987 porque tamén insería un poema de Díaz Castro, intitulado "A Rosalía", e tamén a última poesía de Díaz Castro e a que daba a coñecer naquela revista Luz Campello.

Esta experiencia da emoción creadora do Festival de Pardiñas abrollou en moitos fitos, así no nº 19 da Revista de Xermolos (1987), cando desfrutabamos á par da poesía inédita



Luz co seu fillo Pedro, lendo *Nimbos* de Díaz Castro, na Festa da Fala que organiza Xermolos no San Alberte, no Ano Díaz Castro.

de Díaz Castro e das primicias de Luz Campello (os versos que seguen), dúas xeracións vertebradas pola paisaxe e a veciñanza de Os Vilares e Labrada, o seu berce.

E arestora, no 2019, na Festa da Poesía, Luz celebra a Rosalía e Díaz Castro, mentres Alfonso lembra esta publicación e o poema inédito

### “A tola locomotora”

Chamábanlle tola, tola locomotora  
ila era nova... era soñadora.  
Voaba, morcego de as en capa  
e travesou o manto aberto da noite,  
tecido misterio de sombras  
enmarañadas barbas de fuscillo,  
xogaba, panximia, entre lilailas  
sorría, inqueda, bolas de cristal  
durmía intre biosbardos de espuma  
tupidos pantasma de fume,  
no limiar do Olimpo....  
ila tiña un mundo de porcelana  
cego, sordo, a iste xergón de área  
onde se derreten o sol que mais quenta  
inertes persoaxes de cera.  
Ila era nova... era soñadora  
chamábanlle tola, tola locomotora.

### Arde o monte

Durmían os toxos, longo sono,  
durmía a fraga, maina sesta,  
toqueaban as retortas corredoiras,  
deliraban borrachos os merlos,

lírigo sono de norte  
delirio eterno;  
zoando con mans de aceiro  
rondan faíscas de ferro,  
cun lenzo bermello nos beizos,  
cun selo de norte nos ollos,  
lírigo sono de norte  
delirio eterno;  
tórñase a noite na fraga,  
tórñanse os toxos misterio,  
tórñase en vidro o río,  
tórñase en tebras o ceo;  
afógase en chamas candentes  
o lírico sono do monte,  
esmorece o delirio eterno  
en agonía de norte.  
Arde o monte, arde o monte....  
mouro hoxe, verde onte....

### Jet-set

Trasgos, meigas e comparsas,  
a Jet-set está de festa,  
reunións intoxicadas  
espiritismo demacrado,  
almas de pantasma,  
cheirume a putrefacto,  
a Jet-set está de festa,  
de festa en festa....  
Invitan á Santa Compañía  
que engrandece a romaría  
de corpos alcoholizados  
e sangue corrompida,  
cemiterio de esqueletes  
de dioses disfrazados,  
a Jet-set está de festa....  
de festa en festa....  
Alucinóxenos e sedantes,  
barbitúricos estimulantes,  
sacuden ós corpos pendóns  
valeiros, xa sen vida,  
farándulos antroideiros  
sociedade corrompida,  
a Jet-set está de festa,  
de festa en festa...

Luz Campello



Pero queremos volver a escoitar a esta poeta cales son os trazos máis significativos da súa vontade de estilo:

1.- Dende os primeiros versos que mandaches a XERMOLOS manifestas un grande agarramento por esta paisaxe da Terra Cha, pensas que é fundamental para a poesía da nosa comarca??? A natureza é un elemento poderosísimo, e na Terra Chá temos unha vinculación moi íntima con ela, poderíamos dicir que case carnal. Aínda que a relación coa natureza é algo universal, o “xeito de vivilo”, ten moito que ver co xeito de “ser no mundo”, e esa unión eu-natureza corresponde á etapa pristina e pre-racional, anterior a intelectualización que adquirimos na idade adulta.

E o “xeito de vivilo” na nosa comarca e o que creo que o fai fundamental, ten que ver coa amplitude da

ollada que dan as verdes pradarias da Chaira e coa profundidade mesta do seus montes e fragas, todo elo en connivencia coa transparencia da auga que a permea por todos os eidos, até mesmamente alcanzar unha triada necesaria que leveda ese sentir identitario propio, até ser capaces de escribir “*dende o esofago das árbores*”.

2.- Que importancia lle das a tua infancia para a creación da tua obra???

Dise que a infancia é a nosa matria, e dende logo creo que é onde se configura a nosa primeira identidade, ese tempo e ese lugar onde somos socializadas as crianzas, pola contorna e pola palabra, e por todo o abano de rituais e costumes, que no rural danse en consoancia co ritmo das estacións, coa luz e coa natureza, conformando a nosa esencia. A infancia polo tanto, forma parte desa primeira conceptualización da vida, onde “eu e mundo” aínda non están claramente diferenciados e o mundo principal é a paisaxe e a linguaxe en todas as súas formas.

Na miña opinión, esta etapa ven sendo un reducido do noso Eu primixenio, unha especie de pel máis profunda e máis núa que nos protexe e ao mesmo tempo, á que temos que protexer porque mantén a vulnerabilidade desa idade temperá, desa idade que está máis cerca da orixe, da cova de Platón.

---

## ÓSCAR LÓPEZ-FELPETO BERES

---

A participación de Óscar nos certames Terra Chá foi plural: audiovisual, narrativa, poesía, debuxo, fotografía, etc. Cando só tiña 5 anos foi recoñecido cun premio en debuxo no 2007 (Revista Xermolos nº 36).

Pero neste treito desta revista inserimos o poema “Pardiñas” porque é un sinal evidente de que as sensacións enxergadas en Pardiñas alónganse xeración tras xeración. Óscar é fillo

de Vito López Felpeto, un dos fundadores de Xermolos e do Festival de Pardiñas. Óscar partilla nestas creacións o Pardiñas que mamou e co que medrou, así co recendo das sardiñas na carballeira do festival. O seu pai era un dos que asaba as sardiñas que íamos buscar a Malpica, porén neste apartado celebramos o eido da gastronomía mesmo acollendo á rapazada do Colexio Urbano Lugo de Malpica no Festival do 2017. A creación actual deste mozo é o reflexo de como Pardiñas segue a ser unha fervenza de enerxía cultural, tal como auspicia Óscar nos seus versos.

## Pardiñas

Si te queres divertir  
a Pardiñas tes que vir,  
para cantar e bailar  
e a gaitiña tocar.

No festival de Pardiñas  
comerás sardiñas,  
aínda que dura dous días  
tamén é moi divertido.

O pobo de Guitiriz  
eche ben privilexiado,  
por este festival  
coñecido en todos lados.

Eu dende pequeniño  
sempre puider ir,  
de merenda cos amigos  
e poderme divertir.

E volvovos a repetir  
que sempre fun alí,  
e cando sexa maior  
tamén para durmir.

Este festival  
non se pode acabar  
quédannos moitos anos  
para poder troulear.

Óscar López Felpeto Beres 4º E.P. (GUITIRIZ)  
Revista Xermolos nº 32



Na imaxe, Óscar nun obradoiro de fotografía do IES Díaz Castro, recollendo a Alfonso Blanco, coordinador de Xermolos, na Ruta da Auga. Nestes anos a súa diversidade creativa multiplicouse en moitos formatos, así na portada desta revista, nº 42 (agosto 2013) do 34 Festival de Pardiñas.

## Limiar do XXXIV Certame

Nesta edición non foi difícil es-  
coller a ilustración  
deste Caderno, o  
debuxo de **Oscar  
López-Felpeto Be-  
res** entusiasmonos  
na primeira olla-  
da, non podía ser  
doutro xeito. Este  
debuxo fainos lem-  
brar a historia de

Xermolos. Fillo dun dos gaiteiros do noso primeiro grupo de gaitas, Vito López-Felpeto, e tamén mestre doutras nenas e nenos máis novos. Foi un dos fundadores do festival e Oscar herdou esta fervenza que sintetiza agora nesta portada tan senlleira. Dende moi neno creou debuxos sobre este evento, que leva no seu sangue, xa que dende que veu a luz primeira non faltou a ningunha edición”.



Pero a achega máis senlleira de Oscar foi no eido audiovisual, a través de videoclips e filmes coma “A lus do mundo” ou “Os camiños esquencidos”, algún premiado neste Certame, sobre todo dedicados ao poeta de Guitiriz, Díaz Castro, un dos seus persoaxes

máis queridos tal coma suliña no seguinte artigo:

### A EXPERIENCIA DE REPRESENTAR E SOMATIZAR A DÍAZ CASTRO

Tiven que facer de Díaz Castro en inglés e diante dos da Fundación Barrié e de ensinantes de toda Galicia, nun acto en Vigo, pareceume difícil xa que viñeran a vernos porque nos deran o premio que nos deron, para min foi unha gran responsabilidade pero aínda así fíxome moita ilusión facer de X.M<sup>a</sup>.Díaz Castro.

E logo co da película quedeime asombrado, participar nesa película o meu primeiro ano da Eso era

raro, pero que te escolleran a ti entre todos os alumnos do instituto aínda máis. Esa experiencia foi increíble e sobre todo ver todo o que hai por detrás das cámaras, tantas cámaras, focos, un micrófono moi grande, a claqueta etc. O guión pareceume moito para aprender un neno de doce anos pero como me di miña nai: o que algo quere algo lle costa, entón aprendino. O que máis me gustou desta experiencia foi participar na película e ter unha nova anécdota que contar; o que menos me gustou foi repetir a mesma toma por unha tontería. Tamén o pasei moi ben recreando unha romería dos anos trinta, que foi onde naceu o poeta, O Vilariño; xa que a min me van moito as festas, bailar e facer folclore. Pareceume moi divertido ver a toda a xente que alí había vestida como naqueles anos; estaban moi raros e vin que o lugar onde vivía era moi bonito. Desta experiencia aprendín que non é doado ser actor.

Tamén a profesora de lingua galega deunos a iniciativa de escribir o que para nós significaban algunhas palabras que o poeta usaba moito nos seus poemas. Pareceume moi ben esta iniciativa xa que polo dagora ninguén nos preguntara que significaban para nós os seus poemas, versos e palabras.

Tamén fun a recitar un poema, "Nimbos", do noso veciño, con outros tres compañeiros a unha revista oral, "O Pazo das Musas", no Museo de Lugo. Onde actuou 2naFronteira, e falaron Armando Requeixo e Alfonso Blanco Torrado entre outros máis. Pareceu-me moi importante ir xa que se falaba dun veciño ilustre de Guitiriz e ir recitar un dos seus poemas era un honor xa que había fotógrafos, cámaras de vídeo etc.

Na ponte de Merra, indo para Bascuas, fixen un videoclip para un poema de Díaz Castro con música no que me gustou moito participar xa que eu era Díaz Castro de pequeno, volvendo da escola e a min gústame moito disfrazarme e todas esas cousas que se parecen ao Entroido; a miña festa favorita. Fíxemolo nun lugar moi bonito e nesta experiencia fun vestido como na romería.



Facer todas estas actividades para min é un honor así que me gustaría darlles as grazas aos que me escolleron para facer todas estas actividades sobre o poeta de Guitiriz, X.Mª. Díaz Castro, a Manu, a profesora de inglés, Alfonso, o de relixión, Olga, a directora do centro e outros moitos máis; e oxalá se cumpra o que di o meu profesor, Alfonso Blanco Torrado, que en Guitiriz vai saber todo o mundo polo menos un verso de Díaz Castro ao remate deste ano.

Despois de facer todo isto párome a pensar e digo: que raro que confiaran nun recién chegado, e é raro que me colleran a min, veño de entrar e supostamente case nin me coñecen. É moi fácil facer todo cando se traballa entre profesores e alumnos, eu persoalmente aínda que non fixera todas estas cousas estou orgulloso de estudar no I.E.S. Poeta Díaz Castro.

Óscar López Felpeto Beres, 1º da ESO



Óscar participado na gravación na Presa de Merra, camiño de Bascuas.

## 5. NA LIÑA DOS FUNDADORES DE PARDIÑAS

Óscar López Felpeto no pase anterior celebraba a sardiñada coma un dos agasallos do Festival de Pardiñas. Na súa nenez, asar as sardiñas era un divertimento e unha mostra de que Pardiñas tamén é gastronomía. Ata viaxar a Malpica e Ponteceso, na mañanciña, para buscar as sardiñas era unha viaxe deleitosa para o seu pai e colegas.

### PACO JA

Outro dos fundadores de Pardiñas, Paco Ja, tamen arrequeceu o Himno de Pardiñas co recendo da sardiñada engrandecida coa música de Os Diplomáticos de Monte Alto. Paco fixo a letra deste himno ao que puxo música Xurxo Souto, un dos grandes valedores do Festival, e que gravaron Os Diplomáticos nunha das súas primeiras entregas: "Arroutada".

Paco López Rodríguez é tamén o deseñador das Revistas de Literatura Infantil que recollen, ano tras ano, unha colleita dos premios deste Certame.

#### Himno de Pardiñas

Fun a Parga e Guitiriz  
Guitiriz e máis Teixeiro  
fun a Parga e Guitiriz  
Hoxe fun ó mundo enteiro.

Osos fríos no inverno  
Arde o monte polo veran  
Comemos liscos na Pascua  
E a cacheira no San Xoán

Pero se queres sardiñas  
Moita tralla e pouco pan  
as de vir aquí a Pardiñas  
e agarrala coma un can.

Fun a Parga e Guitiriz  
Guitiriz e máis Teixeiro  
fun a Parga e Guitiriz  
Hoxe fun ó mundo enteiro



Paco Ja, dando conta da sardiñada nun dos primeiros festivais.

Non temos praia nin porto  
Porque somos do interior  
Para come-lo porco  
Petámoslle ó licor

Berran as ras no Boedo  
E os sapos no Fontá  
E a foder non tés medo  
Imos xuntos cara alá

Fun a Parga e Guitiriz  
Guitiriz e máis Teixeiro  
fun a Parga e Guitiriz  
Hoxe fun ó mundo enteiro

Pardiñas é unha festa de merendas ao xeito tradicional, animada pola presenza de familias que conviven alí durante toda a fin de semana. A presenza do colexio Urbano Lugrís de Malpica no 2017, fíxonos revivir aquela tradición do noso festival: viaxar na mañanciña a Malpica para mercar as sardiñas.

# JUAN GAYOSO IGLESIAS

Esta instantánea de Juan no 2016, transmítenos a súa teima de vivir o festival a tope, tamén dende a súa crianza, coma demostra este conto que nos enviou no 1994: É outro sinal de como estamos a medrar neste percorrido literario coas sensacións do festival. Na súa escrita comunicanos a súa lembranza (Caderno de Literatura Infantil nº 47) do Certame.



## Soños dun neno

Lembrarse do que un soñou unha vez que esperta pola mañá, é unha sensación marabillosa. Vivir todo coma se fose real mentres o mundo semella estar parado na noite parécenos increíble, aínda que as veces os soños rematan e xamais volven.

Para min, foi unha sorte coñecer a Manuel María no Festival de Pardiñas cando era un cativo, se cadra non era un soño daquela, máis o tempo fixo que fose un soño cumprido. Lembro a sensación de estar no campo de Pardiñas, vendo a aqueles homes e mulleres que falaban dende o alto do escenario, mentres os meus pais esmerábanse en contarme a quen correspondían aquelas voces que facían que non perdese ollo do que alí pasaba. Os nervios asaltáronme cando comezou a entrega de premios (no meu caso escribira un conto cando estaba a estudar no colexio de Parga). Cando o meu nome saíu da voz dun daqueles homes, o meu pequeno corpo deu un chimpoteime a andar pro escenario. Subín as escaleiras coma un raio e topeime con aquelas xentes que me foron saudando. Ó final, aquel home alto, con barbas e pelo



branco fíxome entrega dun agasallo. As cámaras de fotos estalaban detrás de min e por pouco marcho sendarlle a man, cousa que afortunadamente fixen antes de voltar onda os meus pais co maior dos sorrisos. Fora el, Manuel María, quen me fixera entrega do agasallo e xa o seu nome quedou dentro da miña memoria para sempre. A miña nai tamén se encarga de lembrarmo cada vez que o ve nunha revista ou na televisión. Dende aquela souben o que significaba Manuel para min, o tempo fíxome ir vendo o que significaba para nos. Un exemplo de amor pola nosa terra, polas súas xentes e polo que xuntos e xuntas podemos facer. Un home que sabía que as nenas e nenos son os que contarán mañá os feitos das mulleres e homes de hoxe. Agora algúns xa non somos nenos, pero si soñamos coma se fosemos tal. Grazas a esas persoas coma Manuel María, que se encargaron de ensinarnos que as veces os mellores soños son os que se teñen espertos.

Juan Gayoso Iglesias



Juan Gayoso recibindo a premio do Certame Terra Cha no Festival de 1994, agasallado por este conto.

## Os espantallos

O tío Tomás era un labrego e un día fixo dous espantallos. A un púxolle un buzo e máis un sombreiro, que foran dun fillo seu que traballaba nunha fábrica, e levouno ó medio da horta. Fixo o outro cun pantalón vaqueiro, unha chaqueta de cuadros, unha garabata e unha camisa branca, que mesmo parecía, que fora para a romaría do San Alberte. Este foino espetar á leira das patacas.

Xa levaban uns días alí, e aínda non se achegara ningún paxaro. Nisto chegou un cuco que viña pasala primavera, e como era moi atrevido, pousou enriba dun dos espantallos e díxolles:

- ¿ Vos que facedes eiquí?

- Nos estamos a espantar os paxaros, pero aburrimonos moito porque non se achega ningún.

Como os ides ver dixo o cuco- se nesta aldea cada ano hai menos paxaros, eu xa hai tres días que cheguei e só vin un merlo, máis un carrizo.

- Logo ¿onde estaban? –preguntou o espantallo.

- Vímolos na beira do río –respostou o cuco. Nisto chegou o merlo, pousou á beira do espantallo e dixo:

- Que hai cuco, ¿ti non lles tes medo ós espantallos?

- Eu non, xa tratei con moitos polo mundo adiante. E... ¿médranche ben os teus pitos?

- Os meus pitos están moi enfermos, leveilles vermes do prado para comer e debían de estar envenenados.

Nisto chegou a andoriña e saudounos porque non os vira dende o ano pasado. Contáronlle das cousas que estaban a falar e ela díxolles:

- Pois xa podeades ter coidado cando veñan os escarabellos das patacas e os vermes da horta, porque virá o labrego coa máquina ás costas a envenenalo todo, e logo se os comedes xa saberedes o que pode pasar.

Marcháronse o cuco, o merlo e a anduriña, falando das súas cousas, quedaron sós os dous espantallos, e falou o que estaba na horta:

- Non entendo compañeiro, porque nos puxeron a espantar paxaros, se con tanto veneno xa non quedan paxaros para espantar.

- Será que o tío Tomás é labrego dos de antes, e sabe que o mellor veneno pros vermes e escarabellos, son os paxaros, e a mellor maneira de espantar os paxaros son os espantallos.

- Foi a resposta do espantallo que estaba espetado na leira das patacas.

Juan Gayoso Iglesias. Ciclo medio, Parga (Revista Xermolos, XV festival, agosto 1994)



Falamos con Juan sobre este Certame que el sempre agradeceu e sobre o seu traballo coma técnico na televisión:

- Que significou para ti que che recoñecesen o teu talento naquel conto, aínda moi novo???

- Pois para alguén de 10 anos que debía ter eu daquela, foi o recoñecemento público máis grande que recibira. Sen dúbida foi unha dose de enerxía, que te empuxa a perder o medo en ti mesmo e a seguir creando. Recordo que de cativo tiña moita vergoña, e con cousas coma esta funa perdendo. Xa nos meus estudos superiores de audiovisuais obtiven moito recoñecemento por parte dos meus profesores e compañeiros en canto a miña creatividade. Participei de extra nalgunha película e anuncios televisivos tamén, e seguramente aquel recoñecemento en Pardiñas foi o xerme do que vivín despois.

- Buscaches un tema da nosa cultura tradicional: “os espantallos”, é posible sementar nas crianzas o amor ao noso, convidándoos a plasmalo nas artes: escrita, debuxo, vídeos...?

- Penso que si. Para ter amor por alguén ou por algo tes que estar preto del. Estar preto moitas veces non é estar fisicamente no mesmo sitio, senón sentilo que che pertence e que vai dentro de ti. Tanto as artes plásticas, como a literatura ou o audiovisual son medios que permiten levar e transmitir ditas cousas no tempo e na distancia. Cando alguén fai un traballo deste tipo, obrígaos a estudar máis fundamento o asunto do que trata e por tanto medra el mesmo como persoa e fai medrar a outros que lerán ou verán



a súa obra. Sementar nos nenos esa ansia de facer e transmitir cultura é a forma máis natural de que non se perda a nosa identidade e o que fomos, somos e seremos.

- Traballas no apoio técnico para o mundo audiovisual, que tamén valoramos neste certame, pensas que está apreciado no ensino?

- Hoxe en día, coa auxe de internet, todos temos a posibilidade de adquirir coñecementos tanto técnicos como creativos sen moito atranco ata un nivel básico. Pero non debemos esquecer que o ensino de calidade vai vinculado a que os formadores que están

detrás sexan de calidade. Como vemos, a tecnoloxía cambia moi rápido e para os centros públicos é difícil economicamente estar a última en todas as áreas. Aínda así penso que temos un bo nivel técnico aquí en Galiza. Hai un sector audiovisual moi potente e tamén hai unha industria vinculada ós espectáculos en directo (concertos, orquestras, teatro, humor... ) que traballa moito e moi ben. As necesidades técnicas humanas para levar a cabo todo isto non se ven, pero están aí, e os resultados desta combinación técnico-creativa son premiados cada ano, por tanto algo estaremos a facer ben.

## 6. UN CERTAME QUE ALONGA A CHAIRA POR TEIXEIRO

*Fun a Parga e Guitiriz  
Guitiriz e máis Teixeira  
Fun a Parga e Guitiriz  
Hoxe fun ó mundo enteiro*

### BRAIS MERELAS SEOANE

Brais estudou en Teixeira e Curtis, e agora na Universidade de Santiago, está a afondar no mundo audiovisual .

Merelas Seoane de Teixeira partilla a súa creación en Pardiñas cun debuxo que celebramos ao pé da Casa das Artes: o 1º premio en debuxo no seu 2º ciclo de EP (no XXXI Certame).

Como estamos a vivenciar nesta andadura entre xeracións de participantes nos certames de Pardiñas A CREACION CONTAXIASE principiando polas familias e, os colegas, e así vemos a varios irmáns de distintas xeracións que alimentan o mesmo lume da creación. Así na XXXIX edición (2018), a revista do certame principia na portada cun debuxo de Xulián Merelas Seoane intitolado "Pardiñas" unha imaxe moi completa do que é o festival, e os que coñece-

mos o grupo Nuada de Teixeira, formado polo seu irmán Brais, Elena e María, adiviñamos nesta ilustración a presenza dos tres integrantes no Festival. O debuxo foi recoñecido coma o máis salientable de 3º de ensino primario, igual co seu irmán Brais acadou o primeiro no segundo ciclo no XXXI Certame, oito anos antes. Acompañamos a creación de Xulián polo acerto dos elementos que configuran a imaxe, así a presenza do Bloquinho de Xermolos no que participa María.

Ilustración de Xulian Merelas Seoane, agasallado no Certame Terra Chado 2018. Tamén



acadou premios no apartado de vídeos sobre recantos da súa contorna: muíños, etc.

Pero o que queremos remarcar aquí é a colaboración dos tres membros do grupo Nuada no Festival dende que eran nenos: María Miraz Amenedo (batería), Elena Penas Seoane (baixo) e Brais Merelas Seoane (guitarra e voz), porque non só Brais nos agasallou cos seus debuxos, tamén Elena Penas Seoane mandounos este relato:

### Seis días cámbianche a vida

Había unha vez un neno chamado Manuel que tiña poucos amigos, mellor dito, ningún. Manuel aburríase moito na casa e non podía saír, porque, se o facía, burlábanse del. Un día o neno saíu a xogar fóra cos seus primos e unha panda de rapaces dixéronlle:

- Gordo, sae de aí, que non damos pasado- berrou un neno burlándose do seu peso.

- Non oíches a Juan, -dixo outro deles-, aparta ou teremos que quitarte nós.

El xa non sabía que facer, e un día foi ao monte e construíu unha cabana nunha árbore. Ó día seguinte fixo as maletas e marchou.

Ao chegar, meteuse no saco de durmir e meteu na súa boca un enorme anaco de pan. Despois pensou un pouco, e dixo para si mesmo:

- Se quero adelgazar non debo comer moito.

Ao día seguinte, os seus país organizaron unha busca, pero non o atoparon.

Ao pasar seis días adelgazara moito, e estaba canso de durmir nunha árbore, e decidiu que era hora de volver.

De camiño para a casa, Manuel topouse con seus país que lle dixeron:

- Manueliño. ¿Onde estabas?- preguntou a nai.

- Levamos días buscándote- dixo o pai.

- Non vos preocupedes, eu tamén vos estrañei moito-dixo o neno.

- ¿Onde andabas?, adelgazaches moito.

- Marchei hai uns días porque todos me insultaban, pero agora xa estou aquí, san e salvo.

Manuel seguiulles contando a súa aventura, mentres que se dirixían á casa, e ao día seguinte, ao chegar ó colexio, os nenos dixéronlle:

- Home, Manuel, ¡que ben se che ve!

- Si, estás máis delgado.

- É unha longa historia, dixo Manuel.

E falando e falando, Manuel fixo uns amigos, que deixaron de insultalo.

Elena Penas Seoane, 6º E.P. TEIXEIRO

E Marina tamén interven nas actividades de Xermolos e no Festival de Pardiñas, tanto na Batukada coma nos Ceibes de Xermolos. Froito desta xenerosidade Nuada empatou coa mocidade de toda esta comarca, mesmo xunguindo Guitiriz e Teixeiro e moito máis alá.

No 2015 formaron Nuada, nome dun rei da civilización celta de Irlanda, cuns obxectivos moi rexos; rock en galego. Esta enerxía foi correspondida con moitos concertos dende aquel VeránEarte en Ourense, convocados polos colectivos da zona. Esta complicidade coas asociacións e grupos veuse demostrando nestes anos, así na Santa Mariña no encontro de Riazor Blues e Xermolos no I Memorial Irmáns da Lexía.

Nunha conversa con Cristina Pérez para El Progreso (21 de marzo de 2019) dicían sobre a temática do primeiro disco "dende temas persoais a algúns máis críticos coa sociedade ou o contorno, pero sempre con metáforas e ironías" na procura dun acabado máis "poético".

***Nuada: "Hai cancións que tiran máis cara a outros xéneros, pero sempre partimos do rock e en galego"***





No 2019 estrean o seu primeiro disco: “Barullo Melódico”, no Pub Soa de Guitiriz, na foto. Contén 16 temas moi variados que transmiten unha enerxía emocional que impacta ao que o escoita.

E seguindo facendo camiño preguntámoslles sobre a súa andadura creativa

-As e os artistas nacedes ou ides facéndo-vos?

“Eu creo, contestanos Brais, que @ artista vaise facendo. Ninguén nace aprendido. Cada un de nós vai se formando ao longo do tempo. O importante aquí é encontrar o que che guste, e o que fagas facelo con todas as túas gañas. Ao final todos somos artistas en algo, claro que o resultado sempre depende do tempo que lle dediques.

-Cres que é importante compartir, dar a coñecer a música que estades a compoñer?

Por suposto, nós facemos música co fin de transmitir o que pensamos e o que sentimos á xente. Para nós tamén é como unha terapia, unha canle para desafogarse, desconectar un pouco do resto que nos

rodea, e máis agora que o mundo parece ir na fura de diante. Cada canción é un universo de emocións, por iso é fermoso compoñer temas e que se escoiten.

Grazas, Brais, defíniches con toda claridade a vosa concepción das artes.

No 2010 cando Brais Merelas recibía o primeiro premio de Debuxo do segundo ciclo de primaria, outro veciño, Lucas Quintas, tamén era agasallado co primeiro do terceiro ciclo. Os dous volverían a facer camiño no eido da creación coma estamos a celebrar arestora. Procedentes do mesmo colexio de Teixeira, un dos que máis traballos achega, naquela edición só eles foron recoñecidos e os dous na primeira liña dos seus ciclos.



Brais colabora en todas as actividades culturais da comarca, así con Xermolos, mesmo arestora recollendo os eventos dos 40 anos do Festival, na foto, sempre partillando a súa creatividade a prol do pobo.

## LUCAS QUINTAS GÓMEZ

Empurrados pola participación de Lucas Quintas Gómez no Certame Terra Cha, seguimos celebrando a enerxía creativa da rapazada de Teixeira e arredores, emoción que saboreamos dende fai 40 anos. Falamos con Lucas que vai transmitíndonos este percorrido sonoro dende a adolescencia: “Evasión foi creado no 2015 coa intención de ocupar un espazo de ocio e continuar coa nosa paixón pola música que fomos tendo dende pequenos. Isto lévanos a reforzar os vencellos de amizade que te-



O grupo Evasión con Nao no Festival de Pardiñas do 2015, no ano do seu nacemento.

mos os compoñentes dende que eramos nenos e pouco a pouco co esforzo dos nosos pais fomos adquirindo o material musical e de son dis-



poñendo na actualidade dun pequeno estudo de ensaio e gravación na miña casa. e todo eso unido ó sacrificio que supuxo ir a

clases de música con desprazamentos fóra do noso concello xa que en Curtis non temos escola de música”.

Lucas xa ten a súa historia nos grupos de música desta comarca. “Sí, no 2013 fun o cofundador do grupo Nuada no que militabamos Marina, Brais, Bruno e eu. Na foto que vos enviamos (de esquerda á dereita): Diego Rivadulla (estudante de Química na USC) batería autodidacta pero cun gran sentido musical; Lucas Quintas (estudante de ciencias políticas e administración do estado na USC) guitarra e baixo con estudos de piano e solfeo na Escola de Música de Guitiriz, e con estudos non regrados de acordeón e por último Bruno Mosquera (estudante dun ciclo superior de procesos alimentarios) guitarra e con estudos na mesma. Somos creadores dalgunhas das nosas cancións coma “Time for change”, “silence”, o “himno oficial do Teixeira” equipo de fútbol, e versionamos a Megadeth, Gojira e Metallica”.

Témosvos escoitado en varios concertos, que ti podes ir debullando: “actuacións...?": “Desde fai catro anos facemos un concerto xunto con Nuada na Feira dos Oficios da Montaña en Teixeira, no 2017 e 2018 no festival musical e intercultural da Xuventude en Sobrado dos Monxes compartindo cartel o primeiro ano con Agoraphobia, Sherpa (Ex-Baròn Rojo) e Familia Caamagno, e no segundo con Treixadura, Ses e Nuevo Plan. Este ano nos actos conmemorativos do ascenso á 3ª división do fútbol do CSD Arzúa. E todos os anos diversas colaboracións con comisións de festas patronais na contorna e actuacións en Pubs de Santiago. A nosa

estrea musical en público (Nuada) foi no 2014 actuando como teloneiros de Ses en Vilalba”.

Lucas desenvolve unha grande actividade sociocultural: “Aparte da música temos unha segunda paixón tanto Bruno coma eu que é o fútbol, èl xoga no Teixeira e eu no Sobrado. E eu tamén dispoño dun pequeno taller de artesanía do coiro “Coirachadas Lucas” no que me dedico a facer pulseiras, muñequeiras, chaveiros, carteiras e cinturóns que expoño e trato de vender todos os anos na Feira dos Oficios da Montaña e na Feira da Troita de Sobrado”.

### **Seguimos en Teixeira: Educación Infantil 5 anos. 2019**

Neste Certame Terra Cha recibimos esta mensaxe: “Os nenos e nenas de 6º de educación infantil desfrutamos moito co proxecto levado a cabo no colexio este curso “SOMOS PINTORES”. Hervé Tullet foi o noso pintor guía, as cores que el máis utiliza son as cores vivas: vermello, azul, amarelo. A partir destas cores e utilizando tamén o branco e o negro nós descubrimos outras cores: Azul+ amarelo= verde. Vermello + amarelo = laranxa. Vermello + azul = violeta. Fixemos moita, moita maxia... E pásámolo moi ben.

Debuxamos e pintamos con ceras, rotuladores, témperas, acuarelas...

Esperamos que vos gusten, van adicados a vós con moito cariño.

Nenos e nenas de 3º Ciclo de Educ. Inf. CEIP Teixeira”



É a hora punta do domingo no Festival de Pardiñas, dúcias de nenas e nenos están a recoller os premios do Certame Terra Cha.

## 7. CO CALOR DE VILALBA, A "DONA DA CHAIRA"

Comentario nas redes sociais de Ana Cillero,  
premiada en pasadas edicións.



## ISABEL PARDO MARTÍNEZ

**"GAÑEI UN CERTAME DE XERMOLOS AOS CATRO ANOS CUN DEBUXO DUNHA CARAPUCHIÑA VERMELLA".**

El Progreso, 10 de outubro de 2017.  
Vilalba.

Moi nova participa no XXIX Certame Terra Cha no apartado de debuxo, cando estudaba no Mato Vizoso, pero sería este 2017, cando ten 15 anos, un ano prodixioso, así deseña, no agosto do 2017, un mural sobre o Camiño de Santiago no primeiro Mercado do Alboio en Vilalba. Xa en outubro fai a primeira exposición no Auditorio.

E mentres estudia 4º da Eso no IES Basanta Silva partilla a súa arte coa comunidade escolar realizando outro mural no centro.

Xa no 2018 realiza retratos en directo de Agustín Fernández Paz no Auditorio de Villalba na entrega da primeira edición do Premio que leva o seu nome, e asemade traza o retrato de Raul Río no seu nomeamento coma Trapeiro de Honra pola Lareira dos Soños nos Vilares, na foto. Non só fai retratos tamén debuxos conmemorativos, así para á Asociación Feminista de Vilalba polo 8M.

Isabel Pardo, na exposición do auditorio vilalbés: "Interésame a figura humana, os retratos en especial, porque cada rostro conta unha historia e merece ser mostrada".



Nós mesmos contemplamos a súa dinámica cando estivo a facer o retrato de Raul Río, con que mestría traballaba con lápices, carboncillo, no acto que tivo lugar na Igrexa dos Vilares... Xa na exposición do Auditorio de Vilalba disfrutamos doutras técnicas coma o óleo...

Na foto Isabel Pardo facendo o retrato de Raul Río no acto do seu nomeamento coma "Trapeiro de Honra" pola Lareira dos Soños na Igrexa dos Vilares 2018, nun convivio no que alternan todas as artes: a súa pintura, a música, a poesía, etc.



Unha das súas últimas achegas artísticas son as ilustracións do poemario "Lendas e versos" que súa nai, Emilia Martínez Fuentes, ven de publicar.

# BARUK DOMÍNGUEZ GRANDIO



Neste iceberg que non cesa de medrar e que enchoupa a miña vida dende que principiou o Festival de Pardiñas, están a alumear os fachos acesos daquelas nenas e nenos que su-

biron ao palco, algúns xa fai anos, e aínda me lembro moito máis das súas obras, así naquel 2001, despois de sentirnos electrizados pola paixón do pregón de Xurxo Souto e Sofía de Labañou.

Xa no 2002 foi agasallado, estaba a rematar o 6º de Primaria no Insua Bermúdez de Vilalba, o seu berce, por este relato, na mesma edición na que tamén subiu ao palco de Pardiñas o seu compañeiro de Irmandade do falo, David Trastoy que cursaba no Mato Vizoso.

## Unha aventura fantástica

Chámome Miguel e teño doce anos. Vivo cos meus pais nunha aldea chamada Coea. Miña nai traballa no teatro e ten que viaxar de aquí para alá constantemente. Meu pai é o cantante dunha orquestra e tamén a el lle pasa o mesmo que á miña nai. E eu, que vos vou dicir, case tódolos días teño que durmir na casa dalgún amigo dos meus pais, pero estamos no verán. Vós preguntaredesvos, ¿e que pasa no verán? Pois que no verán toda a xente da aldea vaise de vacacións, e non queda ninguén. Así que os meus pais querenme levar para a casa de meus avós, pero queda preto dos Ancares. Despois de xantar, partimos no noso coche cara alá. Polo camiño víanse vacas e ovellas típicas do lugar, con cans e pastores que as vixiaban para que non fuxiran do prado.

Foi entretida a viaxe, pero de repente o coche parouse. Meu pai baixouse do coche e viu que tiña a roda pinchada. Colleu a roda de reposto e púxose mans a obra. Pasou un cuarto de hora. Meu pai seguía poñendo a roda. De súpeto oímos un forte ouveo. Asustámonos e meu pai meteuse no coche con nós. Uns minutos despois unha especie de lobos merodeaban preto do coche. Estábamos todos apretuxados uns ós outros e todos tiñamos medo. Os lobos seguían ouveando. Meu pai encendeu o motor do coche para asustalos, pero os lobos seguían ouveando. Entón fixeime nun deles. Tiña os ollos cor vermella e ¡cornos!. O becho aquel non era un lobo. Meu avó tíñame contado a historia dun becho de cor moura, ollos vermellos e cuns longos cornos chamado urco. E nós, estábamos xunto deles. Os outros parecían lobos normais. De súpeto, o urco deixou de ouvear e marchou correndo cara o monte. Os lobos seguirono. Eu non sabía a que viña esa extraña reacción do urco e dos lobos, pero miramos pola ventá do coche, e, ¿qué vimos? Alá arriba, na montaña, un xigante berraba facendo estremecer o chan.

O urco e os lobos ó ver tal cantidade de carne decidíronse a atacalo. Metade dos lobos morreron no intento inútil de acabar co xigante, pero o urco seguía alí, turrando nel. Cando non quedou ningún lobo, o xigante mirou para o urco, que turraba na súa perna e deulle tal labazada que, só o rozou e caeu morto. Quedámonos abraiados ca forza do xigante, e ó ver que xa non quedaba ningún lobo, o meu pai seguiu poñendo a roda. Cando xa tiña acabado, acendeu o coche e dirixímonos cara a casa dos avós. Cando chegamos alí vin o meu can Nesky roendo un óso. estaba case todo coma antes. Meu tío Pepe estaba partindo leña detrás da casa e saudámolo. Meus pais cearon con nós antes de marcharse e contámoslles ós avós e a Pepe o que nos pasara polo camiño. Pepe e a avoa non o crían. Pero o avó que veu os nosos rostros asustados dixo que podía ser verdade. Despedinme triste de meus pais e eles dixéronme que volverían axiña. Deiteime na miña cama e durmín intranquilo. Espertei e fun dar un paseo polo monte con meu tío e vin multitude de setas. Collimos algunhas que se podían comer e levámolas para a casa. Estaban deliciosas. A Nesky démoslle as sobras e tamén a el lle gustaron moito. Pola tarde fun dar un paseo polo

monte con Nesky, xa que o meu tío me dixera cales eran os camiños para ir e vir sen perderse. Oín outra vez os berridos do xigante, pero esta vez parecían de dor, e fun ata alí correndo. O xigante estaba ferido por causa dunha bala e botaba sangue por un brazo. Estaba a punto de morrer pero axudáranos a min e ós meus pais así, que decidín axudalo a el tamén. Fun por uns felgos e atellos no brazo. Nesky quedouse abraiado ó ver un ser tan grande. Medía polo menos catro metros de alto e estaba moi gordo.

Gracias ós felgos o xigante recuperouse e cun berrido, parecía dar as gracias. Levantouse, e dirixíuse cara a montaña. Fixo un xesto coma si quixera que fora con el. Eu fun. Subimos a costa da montaña, que non era nada doado de subir, ata que chegamos ó cumio. Alí había un furado moi grande tapado por uns toxos. O xigante quitou os toxos e baixamos polo furado. Alí había escondidos xigantes, trolls, trasnos e unha meiga. O único ser que coñecía a fala humana era a meiga que me dixo:

- Aquí, neste buraco, é onde vivimos tódolos seres mitolóxicos do monte. É unha pena que non podamos saír máis que polas noites, xa que os urcos, os lobos e os humanos andan por aquí de día. E ese paspán –dixo dirixíndose ó xigante- sae de día e así calquera o pode atacar.

- Si, pero é que el é moi forte –dixen eu, que quería saber algo máis do asunto-. Hoxe acabou cunha manada enteira de lobos e cun urco.- Que problema hai para que non saia?.

- O problema non é el senón nós. Nós non temos tanta forza coma el para vencer ós urcos e ós lobos. Eles sempre nos andan buscando por onde nós pasamos.

- ¿E por qué vos buscan? ¿Acaso tedes algo especial que eles desexen? –dixen eu, que seguía intrigado.

- Nós temos gardado aquí neste buraco o animal sagrado do bosque. ¡O Unicornio!

Non acabou de dicir a meiga estas palabras e uns urcos puxéronse a ouvear moi preto de nós. A meiga dixo:

- Escondede o Unicornio. ¡Escondédeo!

Os urcos puxéronse a rañar no buraco, mentres os trasnos colleron o Unicornio e tapárono con silvas. Entón a meiga verteu no seu pote unhas xestas de cor vermella que eu nunca vira polo monte. Ela díxome

que as xestas vermellas se se cocían espantaban ós urcos durante uns minutos, pero que non facían nada contra os lobos. Eu pregunteille á bruxa:

- ¿Hai algún animal ou cousa á que lle teñan medo os lobos e os urcos?

- Si, ós osos. Pero por aquí non se atopa ningún.

- Que pena –dixen eu.

Mirei para o reloxo, ¡era tardísimo! Díxenlle á bruxa que tiña que marchar, que era xa moi tarde, e que lles buscaría a solución para asustar ós lobos e ós urcos. A meiga deume un feixe de xestas máxicas cocidas e fun correndo ata a casa de meus avós. Puxen a tele e ¡menuda casualidade! Na tele estaban a dar unha reportaxe de osos. Collín a gravadora e púxenme a gravar os roñidos e os berros dos osos, Deiteime na miña cama despois de cear e á mañá seguinte fun correndo ata o buraco. Cheguei alí e case todos estaban durmindo. Decidín darlles un susto encendendo a gravadora. O oír o son dos osos espertaron e todos a correr, coma a alma que leva o demo. A meiga dixo:

- ¿Qué diante de aparello é o que levas aí, raparigo?

- É unha gravadora, e serve para gravar os sons. Eu gravei o son dos osos, e parece que deu resultado, polo que acabo de ver.

Gravei o que a meiga dicía na gravadora, e cando acabou de falar díxenlles a todos que escoitaran. Encendina e quedáronse abraizados cando a gravadora repetía todo o que a meiga dixera anteriormente. A meiga dixo que era unha boa solución ter a gravadora encendida polo día para espantar ós lobos e ós urcos. Expliqueilles como funcionaba e cando rematei, funme para a casa dos meus avós. Coma sempre, levaba as xestas máxicas na man para que non me atacaran os urcos. Cando cheguei á casa dos avós, xa estaban alí meus pais esperando por min para irnos outra vez para Coea. Montamos no coche e despedinme dos meus avós e de Pepe. Polo camiño aínda me pareceu oír os sons dos osos, que estaban na gravadora. Espero que, cando volva para a casa de meus avós polo verán, aínda sigan no mesmo buraco os meus amigos fantásticos.

Baruk Domínguez Grandío, Ínsua Bermúdez.  
Vilalba (Caderno dos nenos, ano 2002).



Temos que agradecer a xenerosidade de Baruk achegando a súa arte ás celebracións de ONG.s en eventos solicitando a solidariedade da cidadanía: Mans Unidas, Cáritas, etc., ou mesmo celebracións culturais coma este último “Día da Poesía” en Vilalba no que actuou coa formación “Corredores de sombra”. Este animador cultural ten unha maxia especial para unir creadoras e creadores da súa contorna. Esta capacidade de crear grupos con distintos formatos converteuno nun dos valedores do tecido sociocultural de Vilalba e comarca.



Pero son as IRMANDADES DO FALO, un dos grupos que máis espallou a súa creación. Estan formadas por Baruk Domínguez Grandío (voz e guitarras). Rubén Veiga Roca (clarinete). David Trastoy Oseira (bombardino). Luis Currás Pico (baixo eléctrico). Pablo del Valle Prieto (batería). Rosana Domínguez Grandío (voz).

Aínda lembramos o seu concerto no Xoldra en homenaxe ao poeta de Guitiriz, Xosé María Díaz Castro no 2014. Naceran no 2009 coma un cuarteto que foi progresando. Salientaron pola carga humorística e satírica coa que animaban a súa música, que mestura o pop, rock, blues, ska...

Fixo Máster en Radio (Universidade CEU San Pablo/Fundación COPE). outro Máster en Estudos da Literatura e a Cultura. (Universidade de Santiago). Ten unha ampla formación en temas de cultura e comunicación, sen esquecer as

novas pautas de innovación e xestión cultural. Tamén afondou na historia das artes e da música, en particular da Banda de Música de Vilalba e do seu primeiro director Pepe Guntín.

Tamen se matricula no Conservatorio de Música de Vilalba: guitarra, trompa... E xa en Compostela estuda Xornalismo (especialidade xornalismo audiovisual) que o leva a traballar en varios medios de comunicación: Radio Cope, El Progreso, Axencia Efe, Radio Principal Cadena Ser...

Xa traballando nos medios de comunicación segue dando pulo á vida cultural da Chaira, así ao Festival de Pardiñas. Nestas intervencións tennos contaxiado coa súa emoción lembrando a súa participación neste Certame Terra Chá. Esta dinámica de estar sempre ao pé da fervenza cultural implicouno na vida cultural de Vilalba e Galiza, en xeral.



Na foto coa formación que está a intervir nestes meses, “Corredores de sombra”: Pilar Maseda (voz), Carme Mato (trombón), Baruk Dominguez (guitarra) e Rosana Domínguez (voz).

Comentamos con Baruk de donde saca tanta enerxía para espallar na sociedade a presenza das artes.

1.- Colaboras en moitas actividades socioculturais, ¿como explicas este compromiso cultural na vida das comunidades?

“Explicalo é sinxelo, facelo palpable é máis ben complexo. Especialmente na sociedade que nos toca vivir agora, onde estamos “hiperconectados” e á vez “hiperapartados” do noso entorno máis próximo. Considero absolutamente necesario que, máis alá de



actos, eventos e formacións “institucionais”, é preciso que siga habendo colectivos e persoas individuais que sexan capaces de xerar por si mesmos unha actividade sociocultural propia. Sen ese xerme anovador e moitas veces espontáneo, acabaremos por convertirmos todos en adoradores de pezas de museo, cando non en propias pezas de museo nós mesmos. A creación precisa da ruptura, da heteroxeneidade, ata dunha certa iconoclastia máis ou menos moderada. Hai que respectar aos grandes mestres e clásicos do pasado, pero tampouco hai que perder o medo a facer valer a nosa voz propia, intrínseca e intrasferible. Cando colaboro ou son partícipe dunha entidade ou actividade sociocultural, sempre intento seguir esa pauta.

2,- As artes son para unha élite ou son patrimonio de todo o pobo, tal coma vivimos en Pardiñas?

As artes nunca deberan ser para unha elite, e menos nos tempos de hoxe, onde temos a posibilidade de acceder á información dun xeito cuasegratuíto e cuaseinstantáneo. O que pasa é que esa democratización fainos perder o valor da arte en si. Hai séculos, cando un aprendiz de pintor da nosa península quería ver de preto o traballo de Rubens, tiña que facer unha peregrinación de quilómetros ata os Países Baixos, e moitas veces sen os medios materiais máis axeitados para a odisea. Hoxe, os museos de arte teñen ferramentas dixitais que nos permiten ver, interpretar e case tocar obras magnas da arte universal. Pero non lles damos a importancia que teñen. O mes-



mo pasa coa música. Non hai tantos anos, soamente podíamos aprender a crear unha obra musical indo a un conservatorio ou similar. Hoxe podemos facelo con tutoriais de YouTube. O importante de todo isto é valoralo, e iso apréndese (ou debería aprenderse) nas casas e nas escolas. Ao festival de Pardiñas pásalle algo parecido. Unha pequenísima localidade da Chaira recibe ao longo de moitos anos grupos e artistas de talla mundial e, ás veces, por telo a carón da casa, no terreo do asequeable, non lle damos a importancia que ten. Dicíamo unha persoa anónima o outro día en Vilalba: traes unha ópera ao auditorio por 10 euros e non chegas a media entrada. Na Coruña custa 50 no “galiñeiro” e hai dúas ou tres funcións. E, o “mellor” de todo, é que está ese veciño vilalbés nunha desas funcións, e presumindo de que foi á ópera á “Curuña”. Coma en todo, o que hai que facer é aculturar, dar ferramentas para que a xente “goce” do seu propio discernimento e deixarse de burramia. Tarefa complexa, abofé.

## 8. DENDE A CHAIRA PARA O MUNDO

### BRAIS LAMELA GÓMEZ

Brais Lamela comezou axiña a sorprendernos coa súa creación e xa aos 10 anos, no XXV Certame da Terra Chá (2004), mereceu o primeiro premio de narrativa cando cursaba o 2º ciclo de primaria no Colexio Mato Vizoso de Vilalba, e volve a presentar a súa obra nos seguintes certames mesmo sendo agraciado na XXIX edición, cando estudaba 2º da Eso, no Basanta Sil-



va, por un conto que destila moita sensibilidade pola música:

## O blues das noites de insomnio

*“A música é a arte máis directa,  
entra polo oído pero vai ao corazón”*

Magdalena Martín

Tiña un saxo dourado, un abrigo vello, un dente na boca e unha melodía na alma. Podíase ver a horas indecentes nas tabernas santiaguesas, a esas horas en que o vapor da cervexa e o fume vil do tabaco nubran o aire, era un espírito errante que camiñaba pola escuridade da noite, un viaxeiro sen patria, un músico con corazón de poeta. Sempre levaba o mesmo abrigo e a mesma espesa barba escura. Entraba nos bares e a xente calaba, o músico sentaba nunha cadeira e comezaba a tocar o saxo.

Din que tocaba blues.

A xente que o escoitou, di que os seus sentidos se amotinaban, eran incapaces de centrarse noutra cousa que non fora a súa música. Saboreaban cada nota ata que esmorecía no aire, os cigarros consumíanse entre os dous dedos suorentos, e a televisión falaba para ninguén. A música semellaba un coro de anxos.

Logo, o home íase, nunca bebía nada, nunca falaba con ninguén, nunca miraba para atrás, nunca escoitaba (ou semellaba non escoitar), nunca sorría, só tocaba o saxo. Pero tocábo de forma que cada nota levaba unha parte da súa alma, non tocaba cos dedos da man, senón cos dedos do corazón, a súa música non se parecía a nada que ninguén escoitara antes.

Sen embargo, aínda din que tocaba blues.



Uns meses despois, o rumor daquel home estenderase como un regueiro de pólvora, a xente víñao ver dende lonxe, e os mellores músicos do mundo tentaban comprar

aquel saxofón. Sen embargo, o home ignoráboos e seguía tocando a súa música, choraba e ría coa música e o seu corazón palpitaba ao son das notas. Tempo máis tarde, o home desapareceu, ninguén soubo nada del, pero aqueles que o escoitaran deixaban esvarar bágoas con cheiro a tabaco, seguros de que xamais escoitarían unha música semellante.

O saxofón dourado apareceu misteriosamente dous días despois, encontrárono pousado sobre a barra dun daqueles bares que tanto frecuentaba o músico. A dona do bar, unha muller de idade, chamada Carmiña, non permitiu a ninguén tocar o saxofón, que continuou naquela barra durante moitos anos, acumulando po, mentres seguía á eterna espera do retorno do seu dono.

Pero Carmiña morreu, e os seus fillos axiña venderon o saxofón a un coñecido músico suízo que pagou unha millonada por aquel instrumento milagreiro. Sen embargo, cando o fixo soar, ante centos de persoas que agardaban impacientes, renxeron as notas. Era un son horrible que quebraba os cristais, e o famoso músico suízo axiña tirou o instrumento nunha beirarrúa de Santiago.

Un día, moito tempo despois, un rapaz que acababa de ser rexeitado no conservatorio atopou un vello saxo nunha beirarrúa. O instrumento estaba en moi malas condicións, coberto por unha grosa capa de po mallado pòlos anos. Sen embargo, o rapaz, quen sabe por que, achegou os seus beizos ao frío metal enferruxado do saxofón e soprou.

Daquela escoitouse un son fermosísimo, era o son da chuvia, do río, das ondas do mar, dos raios do sol, era o son das plantas cando medran e das flores cando morren. Era o son das noites de insomnio.

Agora o rapaz deambula polas tabernas santiaguesas cun saxo dourado. Din que toca blues.

(Caderno de Literatura dos Nenos, nº XVIII, 2008).

No 2015 o mesmo Brais agasallábanos con esta presentación: “Nacín en Vilalba en 1994 e vivín entre Vilalba e a Ponte de Outeiro dende pequeno. Empecei a escribir moi novo e levo acadado diversos premios literarios, entre os que se poden mencionar o Premio Ánxel Casal, o Premio Literario Minerva, ou o Premio Xuventude Crea. No ano 2011 participei na Ruta Quetzal grazas a un traballo histórico sobre as expedicións españolas no Amazonas. Entre 2011 e 2013 cursei o bacharelato internacional no Colexio do Mundo Unido do Adriático, en Italia. Actualmente gozo dunha bolsa para cursar estudos universitarios na universidade de Brown,

EEUU". E a medida que fomos saboreando a súa escrita e partillando a súa traxectoria vital poidemos ir evocando a paisaxe na que foi medrando, tal como a foi asimilando na obra de veciños del, tanto de Vilalba: Agustín Fernández Paz, coma da Ponte de Outeiro, o berce de Crescente Vega e Xosé Otero Canto, entre os máis novos, mesmo antoxouseme que os espazos da infancia de Brais foron unha fortuna para a súa creación posterior. Esta simbiose entre a escrita e a paisaxe que fun percibindo nel asolagoume naquelas xornadas que acompañei á mocidade da Ruta Queitzai pola Terra Cha no 2017, sobre todo naquel treito álxido do Paseo dos Soños, nas beiras do Madalena, un dos ríos da infancia de Brais xunto co Miño, os mesmos que arrequeceron a vida dos autores de Vilalba e Ponte de Outeiro. Cando ía explicando a aquela rapazada os "hectómetros literarios" do Paseo dos Soños dedicados a Manuel María, Agustín Fernández Paz..., ás e aos escritores chairegos, na foto, celebrei a filosofía e a mística Queitzai que tamén vivira con entusiasmo Brais Lamela co programa Quetzales do Mundo Unido.



Alfonso cun grupo dos Quetzales ao pé do Muiño do Rañego de Vilalba, acompañados por José Antonio Pita, daquela Concelleiro de Cultura.

No 2009 Brais dáse a coñecer nos círculos dos premios literarios máis coñecidos do país, así no Minerva do Colexio Peleteiro de Santiago, cando estaba a estudar no les. Basanta Silva de Vilalba, onde foi agasallado polo seu relato *A baioneta*. No que recunhou no 2010, aos 16 anos. na 38 edición, con outro premio á narrativa. Brais principiara este ano con moita enerxía creadora sendo agasallado co 1º premio

do xv Certame de Contos e Relatos curtos Trapero Pardo que convoca o Concello de Lugo, pola súa obra *O pozo prohibido*. E xa en Vigo, no mesmo ano, foi recoñecido na terceira edición do Premio Literario Escolar de Caixanova. Antes de rematar un ano tan frutífero, o 15 de Nadal, foi distinguido co 1º premio polo conto *Fiat Voluntas Tua* no XV Premio Literario Anxel Casal en Compostela. É un relato histórico ambientado no mosteiro de Samos no século XVI, utilizando expresións en latín vulgar da época.

Foi un traballo moi loado polo xurado que remarcou a súa "calidade literaria e o uso dos recursos lingüísticos do galego" e "a sabia construción narrativa dunha historia adobiada cuns alicerces léxicos, documentais e literarios de moita relevancia que queren transcender máis alá dos manidos estereotipos".

Xa no 2015 é galardonado no apartado da poesía en Xuventude Crea co 1º premio compartido, coa obra "Memorias dun cuarto afincado en nevermore", e así ata XUVENTUDE CREA 2018 coa obra poética "A casa de Ester".




Recollendo o Premio Ánxel Casal da man da Concelleira de Cultura de Santiago.

### Unha biografía sorprendente

Empecei a escribir na escola primaria a aínda hoxe sigo. O meu primeiro conto presenteino a Xermolos e tiven a sorte de velo publicado, un conto de tres parágrafos que se chamaba *Trasnadas*. Lembro o orgullo de ensinarlle o texto publicado baixo o meu nome aos meus familiares. Agora a maior parte do que escribo permanece agochado. Ten razón Olga Novo cando di que a poesía é un fenómeno subterráneo.

Estudei en Vilalba, no IES Basanta Silva ata



os 17 anos. Durante este período recibín algún que outro premio literario, coma o Certame “Ánxel Casal” do Concello de Santiago ou o Premio “Minerva” de Poesía. Tiven a sorte tamén de participar na Ruta Quetzal, a primeira de moitas experiencias que me abrirían mundos novos.

Con dezasete anos déronme unha beca para facer o Bacharelato Internacional no Colexio do Mundo Unido do Adriático, en Italia. Foi probablemente a experiencia formativa máis profunda da miña vida: convivir por dous anos con estudantes de todo o mundo unidos pola convicción de que un mundo mellor é posible. Foron épocas de escribir pouco pero de vivir e ler moito, de viaxes polo mundo durmindo nos sofás de moitas amigas e amigos, de longas noites escoitando a guitarra á beira do mar Adriático, preto dunha pena onde se dicía que Dante imaxinara o seu texto no exilio.

Máis tarde déronme outra beca, esta vez para a Universidade de Brown nos Estados Unidos. Foi unha época de cambio profundo. Tiven a sorte de desfrutar de profesores excelentes e dun sistema educativo que premia profundamente a creatividade e a independencia intelectual. Tamén tiven que confrontar desigualdades moi fortes, compartindo clases con estudantes de alto poder adquisitivo e con emigrantes que dificilmente podían confrontar os custos desta educación sen a sorte de ter unha beca. Durante este tempo, continuou a miña paixón pola literatura, a escritura e a filoloxía. Ao mesmo tempo, o meu activismo en grupos con inmigrantes e refuxiados en Estados Unidos levoume a interesarme polas ciencias sociais: xunto a un grao en literatura comparada, completei un grao en economía, especializándome

en cuestións de desenvolvemento económico e desigualdade. Por un tempo vivín e investiguei en India e Cuba, sobre cuestións de urbanismo, raza e desigualdade económica.

Agora de novo volví a recuperar un interese polos estudos máis puramente humanísticos. Grazas a unha beca na Universidade de Cambridge, Inglaterra, comecei a interesarme pola literatura e a cultura da Idade Media, un tema sobre o que agora mesmo curso o meu doutoramento. Débese en parte a unha convicción profunda de que os problemas que estudo no tempo remoto da Idade Media -a opresión do campesiñado, os usos da palabra escrita nunha sociedade onde o escrito estaba reservado a moi poucos- son problemas que aínda afectan a Galicia e que afectaron moi preto á xeración dos meus pais e dos meus avós. O pasado, di John Banville, bate contra nós coma un segundo corazón.

Unha convicción de que o pasado debe ser observado dende a importancia dos problemas sociais máis contemporáneos. Supoño que niso estou agora. Tamén volví timidamente a escribir -algún que outro poema en *Grial*, varios textos que tiveron a sorte de gañar no Xuventude Crea, un breve ensaio fotográfico na marabillosa revista dixital *Vinte*. Pasou moito tempo dende aquel texto, *Trasnadas*, publicado por Xermolos. Cambiaron moitas cousas. Pero sempre lle estarei agradecido a Alfonso por crear este espazo onde ver un texto publicado se lle fixo posible a un rapaz de catorce anos que non deixou de escribir dende entón.

Brais Lamela Gómez

---

## MANUEL FRANCISCO LAMELA GÓMEZ

---

Neste percorrido estamos a celebrar coma moitas e moitos dos creadores partillan con irmáns esta paixón pola creación, así o irmán de Brais, Manuel Francisco foi distinguido pola súa obra no Certame Terra Chá, con poemas coma este:

### Carballo

Na fraga centenaria medraba día e noite  
un carballo vello, roxo e forte.  
Nevaba, ventaba ou ía calor  
e o carballo non perdía o humor.  
Chegaron días tristes de dor e traizón,  
entraron na fraga máquinas de destrución.  
O carballo vello cavilaba e cavilaba:  
por que os humanos sempre os traizoaban?  
Pensando e pensando deu coa solución,

gardaría unha landra na seu corazón.  
 Un labrego vello o tronco atopou,  
 levouno á súa eira e dereito o pousou.  
 O esforzo do carballo non caeu en van,  
 no seu tronco unha landra comezou a xermolar.  
 Pasaron crus invernos e agradables veráns,  
 e o carballo novo, landras volveu dar.  
 As landras prenderon axiña no fértil chan  
 e de novo, unha fermosa fraga se volveu formar.

Manuel Francisco Lamela Gómez. 5º de E. P.  
 C.I.P. Insua Bermúdez

Francisco Lamela Gómez coma o seu irman levou varios premios, así cando cursaba no IES Basanta Silva vilalbés, coa obra 'Insomnio', unha historia sobre o medo que sinte un neno aos lobos. E foi escollido para estudar Bacharelato polos Colexios do Mundo Unidos nun centro preto de Bombai onde tamén está comprometido con proxectos solidarios no rural da India.



## Pardiñas

por Brais Lamela

Non lembro cal foi a primeira vez que fun a Pardiñas. Imaxino que sería coma un meniño no colo dos meus pais, prendido da música das gaitas ou fascinado polo brillo das artesanías. Pero iso xa é algo bastante especial de Pardiñas: son poucos os eventos que poden acoller aos meniños e aos vellos, que ofrecen algo para cada un. Un medra con Pardiñas: chegamos por primeira vez no colo dos nosos pais, subimos ao escenario a recoller premios literarios cando somos nenos, volvemos xa máis maiores a montar tendas de campaña e pasar noites sen sono desfrutando dos praceres do festival, retornamos de novo a longas merendas na idade adulta. En Pardiñas entra todo o mundo e todo o mundo atopa algo para si.

En Pardiñas hai de todo, e sen embargo cada cousa é tratada con mimo. Moitos certames deberían

aprender da atención que Alfonso pon en cada texto, por pequeno que sexa: lembro por exemplo o orgullo que me produciu ler o meu primeiro conto publicado na revista *Xermolos* baixo o meu nome, o pracer de subir ao escenario entre familia e amigos.

Debémolles moito á visión de Alfonso. Para empezar, debémolles unha visión expansiva e non elitista da cultura, unha que abrangue as festas populares, a música, a natureza e os contos e poemas que escriben as nenas e os nenos. Para Alfonso, o popular non é reliquia de museo etnográfico senón forza de vida. Por iso non sorprende que aínda reivindicando de maneira profunda a música galega Pardiñas non tema apostar por abri-lle as portas a bandas e artistas de México, Irlanda ou Xapón. En Pardiñas, Alfonso creou unha visión da cultura coma unha manifestación da vida porque, como dicía o seu admirado Díaz Castro, "destrás das palabras deber haber realidade e vida."

Adxunto aquí unha foto da miña familia no festival de 2005. Despois dunha vida de moitas viaxes, non sempre me foi posible retornar a Xermolos. Sen embargo, cada vez que regreso atópome con que todo segue máis ou menos igual: as familias deitadas sobre as mantas, as nenas e nenos correndo descalzos, as longas liñas agardando polo churrasco. Este ano estarei alí outra vez, desexoso de volver a compartir un fin de semana con xente coñecida e estraña, xuntos na alegría liberadora da cultura. Brais.



Brais saboreou o convivio das artes no Festival de Pardiñas, na foto coa súa familia, o seu irman Manuel e os pais, a mesma cámara tamén recolleu esta outra familia de creadores: Fernán Vello, Manuel María, Saleta, Díaz Castro, Ánxela, Laura Ponte, Paco Martín e Lois Diéguez.

## 9. UNHA SEMENTEIRA QUE ABROLLA POR TODO O PAÍS CREANDO VENCELLOS ENTRE AS COMARCAS



Nestes 40 anos participaron dúas de centros de ensino aos que agradecemos a súa colaboración.

Nesta camiñada xa disfrutamos da escrita de María Canosa, natural da Costa da Morte, e nos anos seguintes multi-

plicáronse as colaboracións doutras e outros rapaces da comarca, pero houbo anos especiais,

Así no 2017...

*“A Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz vén de recoñecer ás mozas e mozos da Regueifesta co premio do Certame Terra Chá na categoría de música. Fixémoslle chegar que era para nós unha honra transmitirlles este recoñecemento, conseguido grazas ao traballo do alumnado de toda Galiza que está a participar no Proxecto e especialmente, ao esforzo dos alumnos e alumnas do IES Marco do Camballón das Cruces e do IES Maximino Romero de Lema de Baio. E berramos “Viva o Festival de Pardiñas! Viva a xente nova da Regueifesta!”*



O ano 2017 converteuse para o Festival de Pardiñas nunha oportunidade para estreitar os vencellos coa Costa da Morte e comarcas da zona coma Bergantiños e Soneira, Xa inserimos coma introdución a este apartado a referencia a Pardiñas do programa “Coma un Allo” da TVG no remate deste ano, a través de María Canosa e Jorge Mira, os dous desta comarca, e a estas alturas tamén xa saboreamos as sardiñas de Malpica, presentes dende o primeiro festival. Facemos parada en Baio, e da man de Xandro Calvo Rojo, lembramos a concesión dun premio ao **PROXECTO REGUEIFESTA DO IES MAXIMINO ROMERO DE BAIIO**, onde estuda este mozo con raíces nos Vilares de Guitiriz.

En Baio na Terra de Soneira, están a recuperar, igoal ca en Vila de Cruces ou no Valadares de Vigo a regueifa que xa se ten escoitado na Mostra de Instrumentos en Pardiñas. Baio nas lindes de Bergantiños, berce de moitas e moitos regueifeiros:, Xermolos agasallou a este centro pola súa vontade de converter este xénero musical nun estímulo para dar enerxía á nosa fala no eido escolar. Cómpre agradecerlles a súa paixón por sementar o repente ou brindo como a chaman noutras comarcas.

Xandro pertence á nova xeración de repentistas que ao regueifar e aprender a improvisar e cantar en verso, están a desenvolverse en moitas das facianas da súa personalidade. Pertencente ao grupo Vintenbaio do les de Baio, nas fotos, que presentou o seu primeiro disco “Aínda queda xera”, que escoitamos no XXXVIII Festival de Pardiñas, e que estan a facer unha laboura de recopilación de pezas relacionadas coas regueifas..

*Nesta teima o IES Maximino Romero de Baio camiña á par do IES Marcos do Camballón de Vila de Cruces e dun instituto biscaíño, o IES de Arratia e de regueifeiras de Teis e aledaños de*



*Vigo, tamén presentes en Pardiñas, nas fotos, Sara Marchena e unha amiga, camiño do festival.*

A fortuna do Festival do 2017 coa presenza da creación da Costa da Morte e aledaños non fixo máis ca medrar e tamén recibimos un video dende o



**IES URBANO LUGRÍS DE MALPICA** con esta proclama: “Con este rápido tutorial aprenderás a singular fala dos habitantes de Malpica de Bergantiños, vila da Costa da Morte (A Coruña) e en tres minutos mesmo poderás dicir que “ti es da volta” a través das peculiaridades dialectais do bloque occidental do idioma ga-



lego”. Antes foi premiado no certame #youtubeiras #youtubeiros”, co acompañamento das mestras Maria Castelo Rey, Rocío Romar Roel, Ricardo Pereira e Xacobo de Toro..

Coma observamos nas fotos, as autoras e autores do video viñeron acompañadas das familias e mesmo do señor Alcalde de Malpica.

*“O vídeo do alumnado do IES Urbano Lugrís “6 pasos para falar malpicán”, premiado no Festival de Pardiñas (La Voz de Galicia, 7 de agosto do 2017)”*

*“O vídeo que presentou o alumnado do IES Urbano Lugrís ao concurso de Youtubeir@s, e polo que conseguiu a “Mención honorífica á calidade lingüística”, foi tamén premiado esta fin de semana no Festival de Pardiñas, nun acto no que participaron alumnos e alumnas, profesores e o alcalde de Malpica, Eduardo Parga, que felicitou a todo o equipo do instituto polo traballo realizado. O vídeo “6 pasos para falar malpicán” é un tutorial que en só tres minutos fai un percorrido moi completo polas singularidades da nosa fala, explicadas polos alumnos e alumnas do IES Urbano Lugrís” (La Voz de Galicia, 7 de agosto de 2017).*

“O vídeo de ‘6 pasos para falar malpicán’, agasallado pola calidade lingüística é unha mostra da nosa diversidade dialectal e sociolingüística. Este traballo colectivo afonda na gheada e o seseo da comarca nunha fala distinta ao cormellán do porto próximo ou a xiros distintos que atopamos noutros recantos de Bergantiños”. **A lingua de Malpica é campal, che!**

Sen afastarnos de Bergantiños e da Terra de Soneira achegamos agora a obra de

# PAULO MARTÍNEZ LEMA



Un dos que estudou con máis rigor a toponimia destas comarcas. Naceu en Damil de Begonte pero a súa nai procede de Baio e Cabana de Bergantiños. Cando cursaba os dous derradeiros anos no Colexio de Begonte (1994-1995), agasallounos cunha escrita senlleira, froito dun traballo inxente que acadaron o primeiro premio en contos e poemas respectivamente. Xa viña participando do Certame Terra Chá dende 1993. Recollemos aquí algúns dos seus versos xa que o seu labor posterior coma investigador, mostra o seu agarimo pola terra coma imos ver aquí celebrando a súa parroquia de Damil ou os ríos Miño e Ladra:

## Adeus a todo, voume

Adeus a todo, que marchou,  
adeus a todo, que me vou,  
que lisco da miña terra,  
¡que me botan, que me vou!  
Adeus á miña chairiña  
na que corrín con fervor,  
adeus, Miño cantareiro,  
Miño e Ladra, ¡adeus ós dous!  
Adeus, carballos benditos,  
nos que tanto ou máis chorei,  
adeus, curriño da Agra,  
e nel con Galicia bailei.  
Adeus cemiterio santo,  
ó que a xente vai chorar,  
adeus, cabelíños verdes  
que papou, ¡que larpeirán!,  
o porquiño ruxidor...  
doce ruxir do San Martiño,  
  
que tamén lle digo adeus,  
¡jadeus, que te deixo só!

## Damil

Á Virxe fóiselle unha bágoa  
que caeu nas orelas da lenda,  
na chaira dos doce deuses;  
e chamoulle Damil.  
¡Ai, Damil, canta historia de vagariño,  
inútil ós ollos dos burgueses,  
termaches co teu chan humilde!  
Un vértice do que é Galicia  
contido nun recuncho seu:  
iso é Damil.  
Damil enterrou o primeiro laio do Medulio,  
coidouno, fixoo botar as raíces  
coma un carballo novo de esperanza.  
Damil, eterno, inmortal, guedella solta do Miño,  
no meu corazón.


## O cantar do sirgo

Canta o sirgo á noitiña,  
un cantar de mil lamentos,  
un cantar que nel tiña  
pola patria un sentimento;  
un cantar que invoca ós mortos  
e ás ánimas das estrelas,  
ós seres que eiqui andan soltos,  
soltos polo meu poema...

(Revista Xermolos, XVI Festival (1995).

Anos despois Xermolos namorado da súa estética editoulle un libro: *As Crónicas Chairegas* (2008). que recollen 16 contos ateigados de frescura e beleza, neles coma nos versos anteriores abrolla a súa querencia polas súas paisaxes nutricionais.

No bacharelato e universidade alongou os froitos da súa creatividade, así no 1998, foi 1º premio do Certame IES Lucus Augusti co conto "O bicu", igual ca no 1999, polo conto "Chairegos" e tamén neste ano 1º de Narrativa Breve Ánxel Fole por "A estrela de Merlín", e repite no 2003 co conto "Cuich Aorta". No 2004, 2º premio no Certame de Narrativa Os Viaductos







**Toponimia de Begonte e Rábade**  
Paulo Martínez Lema  
Colección Terra Nomeada



con "A cantiga de Talessin Finnan". Xa no 2005 foi recoñecido no "Certame Ourense de Contos para a Mocidade" con "Os libros do estudante", e co 1º premio do "Concello de Ames" polo poema "A moza de cabelo negro", e accésit no "Certame Cultura Quente de Caldas de Reis" por "Agridoce". Tamén no 2005 principia 3 anos de recoñecementos no "Certame Galego de Creadores Novos Gz-Crea" con "O aviso", no 2006, o "O inverno nas abadías", e no 2007 con "O Profeta". Xa dende 2006 vai ser a investigación a que o converta nun pioneiro da filoloxía galega, sobre todo no eido da gramática histórica e da toponimia, e así neste ano no II Congreso Internacional de Onomástica Galega analiza a "Antrotoponimia de Begonte".

E na liña da súa creación seguiu demostrando o agarimo polas raíces da súa familia materna, dedicando a súa tese de doutoramento *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*, a estudar 400 topónimos destas catro comarcas, sen esquecer a súa orixe chairega con traballos sobre Vilalba e investigacións como a recén 'Toponimia de Begonte e Rábade'. Paulo Martínez Lema é autor de dúzias de contribucións **á onomástica**. Nestes anos desenvolve un intenso labor no Instituto da Lingua Galega e coma profesor de galego na Universidade de Deusto en Euskadi, ao tempo que espalla por asociacións e centros galegos a súa paixón polo noso pobo. Tamén ensinou na cátedra de galego en Lisboa.

Imos escoitar coas súas palabras as razóns do seu labor nunha conversa en La Voz de Galicia

(05/09/2012) "Tería que remontarme ao 2005, cando estaba no Ilga, nun proxecto de gramáticas históricas. Orientei a carreira cara a documentación medieval e a lingüística histórica. E a toponimia, para facer algo moi documentado, sólido, con base. Escollín Toxos Outos [mosteiro moi importante no medievo, en Lousame], baleireina e fixen a base de datos con toda a súa toponimia. E, a partir de aí seleccionei e fun cara esas catro comarcas. Non só a deses séculos en concreto, senón que dende aí intentei explicar a orixe".

E así polos seus coñecementos da documentación que utiliza a cotío, afondou na lingüística, pero tamén na xeografía, historia..., destas comarcas.

A mestría investigadora de Paulo axiña foi recoñecida con traballos puntuais que arrequeceron a nosa cultura, tanto sobre a Terra Chá como sobre a Costa da Morte: "Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte", en Revista Galega de Filoloxía nº 8 (2006), "Achegamento á antropotoponimia do concello de Vilalba (Lugo)", en Homenaxe a Antón Santamarina. Universidade de Santiago ou "Os mares son os mesmos, o que cambian son os nomes: sobre algunhas denominacións dos golpes de mar na Costa da Morte e na Mariña Oriental", en Actas do I Congreso da Mocidade Investigadora (2007). Xunta de Galicia.

Sen esquecer a súa produción literaria coa que nos agasalla en revistas especializadas, e froito do seu dominio de varios idiomas, sobre todo o inglés do que traduciu ao galego contos de W. B. Yeats. Son moitas as súas obras:

*Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos (2008).

"O Inventario Toponímico da Galicia Medieval" ...

"O Inventario Toponímico da Galicia Medieval" ...



# 10. UN FESTIVAL, UN CERTAME QUE BOTOU RAICES EN TODAS AS COMARCAS

## Máis de cen centros de ensino de todo o país

Abegondo: IES de Viós

A Coruña:

Salesianos

Fogar de Santa Margarida

Ramón de la Sagra

Salgado Torres

María Pita

Liceo La Paz

Universidade Laboral

Rafael Puga Ramón

Salvador de Madariaga

A Estrada IES nº 1

M. García Barros

A Fonsagrada

A Castellana-Aranga

As Pontes:

A Magdalema

Santa María

Moncho Valcarce

Monte Caxado

Abadín

Aguiño: As Heroínas de Sálvora

Arteixo

Baamonde

Baio

Baralla

Barreiros:

San Cosme

San Miguel de Reinante

Begonte

Bergondo, CRA

Betanzos: Francisco Aguiar

Boimorto

Boiro: As Cachadas

Boveda

Bretoña

Burela:

IES Perdouro

Virxe do Carme

Cambre

Carballo: Sofán

Castro de Rei

Castro de Ribeiras de Lea IES Terra Cha

Valerio Docampo de Castro de Ribeiras de Lea

Cea

Cee

Cervo San Ciprian

Cospeito

Courel: Teixeira

Culleredo: Ría do Burgo

Cuntis

Curtis

Cangas:

IES María Soliño

IES Monte Carrasco

Foz:

Foz nº 1

Fondo Nois

Martínez Otero

O Cantel

Friol:

CPI Dr. López Suárez

Escola Wardolf Meniñeiros

Guitiriz:

IES. Poeta Díaz Castro

O Buriz

Plurilingue Lagostelle

Os Vilares

Labrada

Lalín: Ramón María Aller

Lourenzá

Lugo:

As Gandaras

Casás

Illa Verde  
 Leiras Pulpeiro  
 IES Lucus Augusti  
 María Auxiliadora  
 Quiroga Ballesteros  
 Rosalía de Castro  
 Salesianos  
 Paradai  
 Santiago Apóstol  
 Malpica de Bergantiños  
 Maside: IES Terras de Maside  
 Mazaricos:  
     A Picota  
     San Cosme de Antes  
 Meira  
 Moaña:  
     As Barxas  
     A Guía  
     IES A Paralaia  
 Mondoñedo: IES Álvaro Cunqueiro  
 Monfero  
 Monforte: IES Río Cabe  
 Monterroso  
 Mugar dos  
 Muimenta-Cospeito  
 Muras  
 Navia de Suarna  
 Noia: Cernadas de Lousame  
 O Corgo  
 Oleiros: Luís Seoane  
 Ortigueira  
 Ourense:  
     Concepción Arenal  
     San Xosé  
     CPI Mestre Vide  
 Ourense:  
 Outeiro de Rei  
 Outes: Campos  
 Parga  
 Pastoriza  
 Pol  
 Pontevedra: IES A Xunqueira N° 1  
 Pontedeume:  
     CPI Andrade  
     Couceiro Freixomil

# digital terra chá.xa

A INICIATIVA DO ANO  
 MAIS DE 600 PRAZAS  
 TELEASISTENCIA  
 DOMICILIARIA  
 FESTIVAL DE LUGO

Actualidade Sociedade Cultura Deportes Opinión

abadin  
 a pastoriza  
 begonte  
 castro de rei  
 cospeito  
 guitiriz  
 lugo  
 muras

## O XXXVIII Certame Terra Chá recibe arredor de 650 traballos de 53 centros galegos

Poesía, prosa, teatro, vídeo e outras expresións artísticas recibirán o domingo 6 de agosto os premios deste certame durante o Festival de Parésias.

Cellera / Enviado por redactor o Sab, 24/06/2017 - 01:24

Ponferrada: C. Valentín García Yebra  
 Presaras  
 Quiroga  
 Rábade  
 Ribadavia CRA Amencer  
 Rois: CPI dos Dices  
 San Cibrao: Marqués de Sargadelos  
 Santiago:  
     Ramón Cabanillas  
     IES Pontepedriña  
     Lavacolla: Mestre Rodríguez  
 Sobrado dos Monxes  
 Tordoia  
 Valdoviño: CRA Lago  
 Vilaboa (Pontevedra), Riomaioir  
 Vilalba:  
     Atrio-Lanzós  
     IES Basanta Silva  
     Belesar  
     Ínsua Bermúdez  
     Mato Vizoso  
     Monseivane  
     Noche  
     Román  
 Vimianzo: San Vicenzo  
 Vilagarcía de Arousa: IES Bouza Brey  
 Viveiro:  
     Celeiro  
     Lois Tobío  
     Pastor Díaz  
 Xermade: Cabreiros

# 11. DA MAN DE CRISTIAN FOJÓN CARUNCHO PRESENTAMOS AS E OS NOVOS CREADORES: A XL EDICIÓN CERTAME TERRA CHA



Si principiamos no primeiro treito deste percorrido glosando a importancia de toda a comunidade escolar, incluídas as nais e os pais, na experiencia creativa, celebrando a obra de Yago que naceu o mesmo ano co festival, e convidou ao alumnado a dar a coñecer as súas obras, arestora, no treito final acudimos á teima de Cristian Fojón de descubrir nas e nos máis novos a súa calidade artística a través das historietas e do cómic, e acompañámolo a estas sesións do Instituto de Cangas co noso compañeiro de Xermolos, Xosé Antonio Arias.



## NOVAS E NOVOS CREADORES

### CRISTIAN FOJÓN



Foi gañador no apartado do cómic no XXXVI CERTAME TERRA CHÁ, pero a súa presenza en Pardiñas multiplícase a través da súa

empatía creadora, convertendo o seu obradoiro na Feira da Artesanía e do Libro, nun espazo privilexiado para coñecer os seus traballos e escoitalle os segredos da súa arte. Na foto de abaixo, en Pardiñas no 2016, onde volveu



**Cristian F. Caruncho**

11 mins · 🌐

Dous homes obrigados a loitar por algo que os supera...

Un drama violento e mortal ambientado no rural galego!!

Déixovos aquí pra ler de balde unha das miñas últimas obras, unha historia curta baseada (máis ou menos) en feitos reais...

"O asubio das fouces", así se chama a historia, gañou o II Certame Benito Losada de Banda Deseñada (na categoría xuvenil) e o XXXVI Certame Terra Chá da **Asoc C. Xermolos** (na sección de Banda Deseñada).

Agardo que vos preste!!





atoparse con Sés, unha afervoadada seguidora da súa arte. Esta presenza foi remarcada nos medios de comunicación coma unha experiencia feitiçeira: "Durante a celebración do Festival de Pardiñas, Cristian F. Caruncho estivo en contacto co público a través dun expositor situado nunha das áreas reservadas aos postos de artesanato, librarías e artistas particulares. Aí explicou a súa obra, recolleu suxestións e asinou exemplares de *Salustio en Norteamérica* (2011), *Salustio e a festa nacional* (2012), *O asubío das Fouces* (2013), *Por un saco de patacas* (2014), o *Voo da vacaloura* (2015) e mesmo de diversos cartaces, retratos e caricaturas, entre as que destaca a dedicada a Ses".

Naceu na parroquia de Couzadoiro de Ortigueira (1997). Froito do seu compromiso ético denuncia as desfeitas que está a sufrir o mundo rural no que veu a luz primeira, coma podemos descubrir no seu "Rego Torto".

Os persoaxes das historietas de Cristian son unha proba dos seus coñecementos sobranceiros sobre a psicoloxía das mulleres e homes galegos que nos fai pensar na obra de Castelao. O noso debuxante mestura humor e denuncia social nunhas viñetas que o converten nun dos nosos creadores máis egrexio das novas xeracións

Dende moi novo, aos 14 anos, foi premiado na Mariña (Burela 2011) coa primeira parte de *O home que liberou a fraga*, tamén co Benito Losada (2011, 2013, 2014), convocado nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

para, autores menores de 17 anos. Na terceira convocatoria gañou co cómic *Por un saco de patacas*, e tamén o Certame Arcebispo Xelmírez (2015) e no concurso Curuxa do Humor do Museo do Humor de Fene (2016). Foi gañador do Certame Viñetas pola Igualdade da Deputación da Coruña en 2011 e 2014. Ten dito que dende neno debuxaba «tódolos papeis da casa». Xa aos 13 anos creou o seu primeiro fanzine: *Historias de Regho Torto* (2010). Despois de estudar en Ortigueira, ingresou na Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración O Garaxe Hermético, en Pontevedra, afondando despois na Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña. A creación de Cristian multiplicase dun xeito maravilloso, cartaces coma o do Festival de Ortigueira deste ano ou o do III Festival Entremareas, portadas de discos coma *Assalto Acústico* d'Os Novos ou o cómic da película *DHOGS do meirego Andrés Goteira...* Os seus traballos espallanse por moitos medios, coma no volume *Licor café*. Xa no 2012 fanlle unha exposición no Museo de Ortigueira que el anuncia cunha versión do disco *Exile on Main St.* dos Rolling Stones



CRISTIAN EDITOR DA SÚA OBRA, aínda que varios dos seus fancines podémos ler en varios medios, queremos salientar aquí a súa maestría coma editor dos seus traballos coma podemos desfrutar no Festival de Pardiñas, No 2010: CONSTRUCCIÓN EN REGO TORTO e OS MARCOS, ao ano seguinte: O HOME QUE LIBEROU A FRAGA. No 2012: SALUSTIO E A FESTA NACIONAL e no 2014: POR UN SACO DE PATACAS e O ASUBÍO DAS FOUCES e no 2015 O VOO DA VACALOURA.



Prato do Festival de Ortigueira co debuxo de Cristian, feito en Sargadelos.



## O CERTAME TERRA CHÁ DENDE O 1980 ATA...

Na foto, dúas xeracións, Cristian e Mateo Sendín Omil, primeiro premio de cómic no 2019 no noso Certame, nun obradoiro no les Monte Carrasco de Cangas, O mestre Cristian contaxia o amor ás artes ao longo de todo o ano, nos seus cartaces, no Festival de Pardiñas, e nas súas visitas aos centros de ensino. Esta instantánea sérvenos de ponte entre este caderno e o seguinte, os dous artistas van abrazarse neste Festival do 2019 que volve a ser Feira e Festa da Música e da Arte.




Mateo Sendín Omil facéndolle unha entrevista a Cristian na radio do Instituto.

### **CRISTIAN F. CARUNCHO**

15 de febreiro

*Hai uns días fun ó IES Monte Carrasco de Cangas pra da-lo meu primeiro obradoiro de cómic, e, malia os nervios que tiña ó principio, a experiencia foi xenial!! 😊*

*A primeira sorpresa foi que ó chegar alí, os rapaces de 1º da ESO xa investigaran sobre Regho Torto e prepararan unha entrevista na radio do insti, que me fixo Mateo (un rapaz do que creo que falarei outro día porque tén un talento pró cómic que fliparedes). Xa no obradoiro, fixemos un repaso express do*



comic en GZ; dende o mestre Xaquín Marín até a xente de Licor Café (había que facer propa-ghanda ghagha). Despois diso falamos un pouco sobre a creación dun fanzine, e sobretudo, puxémonos a debuxar e a xogar, que é como mellor se aprende! Debo recoñecer que tiña dúbidas sobre como reaccionarían os mozos á hora de crear personaxes e historias, pero ó final quedei pampo de todo co que se centraban e coa de cousas chulas que saían dali!

Este encontro sérvenos para introducirmos no certame deste ano, o 40, e facémolo co cartaz de **Eneko Corral Villar**, o da contracapa. Eneko foi recoñecido no 2019 co premio de debuxo na Eso. De feito é un mozo moi activo que ten feito varios cartaces para Xermolos. Tanto Mateo coma Eneko son a ponte que nos encamiñan ás futuras edicións deste Certame, do mesmo xeito co cartaz de Xan Amil abre esta entrega, lembrando a aqueles creadores dos anos 80.



Cómic de Mateo Sendín, primeiro premio en Cómico 2019.





Eneko Corral, autor da ilustración da contracapa, o primeiro á dereita, na celebración do Memorial Irmáns da Lexía convocado por Xermolos e Riazor Blues, despois de xogar o Trofeo Bébél García no Campo de Fútbol Suso Cruz de Guitiriz, para o que deseñou o seu cartaz.



ANO XXIX Nº 50  
 Agosto 2019



# XERMOLOS

ASOCIACIÓN CULTURAL GUITIRIZ

xogar morriña requiñola petisco berce meiga  
 golfiño asouxeo xanina curuxa nadal bolborota colo  
 trebada luar leytrego andurriña lar paparentes  
 parulo bigoa caluga ayubio folerpa pinchacarneiro  
 abano agarimo aperta nadal pansolín crebacabezas  
 cosegas ensobre ledicia margarida paparentes  
 febricar colo sorriso amorozos palpebras  
 lumexrada pandeirada trapallada vozoz  
 subilo furanche lumeirada bico  
 bretena equio toxo  
 trapallada luar luvay  
 vagalume meiga prea  
 repunantiralo aciro  
 garatuseiralo mirona a  
 arroutada trapallada  
 cosegas raina zapoconcha  
 fartapos chou asouxeo  
 golfiño nadal curuxa berce equio bolborota colo  
 cosegas ensobre ledicia margarida paparentes agarimo  
 parulo bigoa caluga ayubio folerpa pinchacarneiro luar  
 xogar morriña requiñola petisco lumeirada trapallada  
 vagalume meiga prea repunantiralo amorozos mirona aciro  
 garatuseiralo cosegas bretena equio paparentes palpebras  
 garapastirana asouxeo luvay toxo furanche retranqueira  
 trebada luar leytrego andurriña lar arroutada xeito  
 alomino ensobre megallo bonecola amizade xanina bolborota  
 caluga bigoa andurriña golfiño parulo ollomol ayubio cosegas

# XL

CADERNOS  
CERTAME TERRA CHÁ

Portada deseñada por: Eneko Corral

# 26

## AGOSTO

# I MEMORIAL "IRMÁNS DA LEXÍA" GUITIRIZ

CAMPO DE FÚTBOL "SUSO CRUZ"

11 ARA. PARTIDO ALEVIN E JUVENIL  
 ENTRE EQUIPOS DE GUITIRIZ E A CORUÑA

"TROFEO BÉBEL"

12 ARA. GUITIRIZ - RIAZOR BLUES  
 SANTA MARINA DE GUITIRIZ

14 E ARA. ACTO MEMORIAL E OFRENDA FLORAL  
 OS "IRMÁNS DA LEXÍA" NO MONUMENTO ERIZIDO  
 E NA POZA COMÚN DA SANTA MARINA

INTERVIÁN SELVA GARCÍA PONES  
EN MEMORIA DO SEU PAI "PEPÍN DA LEXÍA"

ALFONSO BLANCO TORRADO

XANTAR

DESEGUIDO  
 HABERÁ POSTOS DE PAELLA E CHURRASCO  
 BOCHINCHE DA ORGANIZACIÓN  
 17 ARA. BLOQUINHO DE NERMOLLOS (SANTARAL)  
 NUADA

ORGANIZAN:

AGRADECIMENTOS

AGENCIAS O EVENTOS

ALEXANDRE BOVEDA



PROXECTO CARCERE

# CANTANDO AS CORENTA



**Pepe Vaamonde**

(2009)

**Xurxo Souto**

(Os Diplomáticos)

(1991 - 1994 - 2003 - 2005 - 2014)

**Kevin**

(Immaculate Fools) (1990 - 2002)



Domingo

**4**

**Agosto**

**Susana Seivane** (2004-2013)

**ANTÓN REIXA** (Os Resentidos) (1986-1990)

**Uxía** (Na lúa 1988)

**Xosé Manuel Pereiro** (Radio Océano) (1987)

*Sito Carracedo* (Gris Merengue 1987)

**Coral, Grupo de Gaitas & Bloquinho de Xermolos**

**Pardiñas 2019**



**BANDA PARDIÑAZO**

Richi Casás & Antón Díaz (Papaqueixos)

Xan Xove (Jarbanzo Negro)

María Prado (Banda Xangai)

Álvaro Trillo (Dios Ke Te Crew)

Olivier Cano (Tres Trebóns)

Guni Varela & Mangüi Martin

(Diplomáticos de Montealto)

Mercé Palacios

Roberto Comesaña

Xosé Luis Miranda



**GADIS**

**//ABANCA**

galiçia



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

C. MONTES  
SAN XOAN DE LAGOSTELLE



CONCELLO DE  
GUITIRIZ



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Asociación de Gaiteiros Galegos



XUNTA DE GALICIA





**Xermolos** f t i

[www.xermolos.org](http://www.xermolos.org)



# XL FESTIVAL de PARDIÑAS

2,3 e 4 de AGOSTO de 2019



Cartaz artístico do XL Festival de Pardiñas obra de Leandro Lamas.

Diseño realizado por: *Eniko Corral*

# **XL CERTAME TERRA CHÁ**

